



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 03 de marzo de 2022 (1163/1102)

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a José Caride Estévez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día tres de marzo de dous mil vinte e dous e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(130).- APROBACIÓN ACTAS: Apróbase a acta da sesión ordinaria do 24 de febreiro e extraordinaria e urxente do 25 de febreiro de 2022. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. alcalde-presidente.

2(131).-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN (BONO – TAXI 2021).DNI *3868**. EXPTE. 216745/301.**

Visto o informe de fiscalización do 21/02/2022, dáse conta do informe-proposta de data 17/01/2022, asinado pola xefa do Servizo de Benestar Social, polo asesor xurídico adxunto Benestar Social, polo xefe de área e pola concelleira-delegada de Política de Benestar Social, que di o seguinte:

I. FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. Por acordo da Xunta de Goberno Local do 12.03.2021 aprobáronse as Bases e a convocatoria de «SUBVENCIONS DESTINADAS A PROPORCIONAR, MEDIANTE A UTILIZACION DE BONO-TAXI, UN MEDIO ALTERNATIVO DE TRANSPORTE ADAPTADO A PERSOAS AFECTADAS POR GRAVES DISCAPACIDADES NA SÚA MOBILIDADE – ANO 2021», elaboradas polo Servizo de Benestar Social (Exp. nº 212964/301).

I.2. As Bases deste Programa de subvencións foron publicadas no taboleiro oficial de anuncios do Concello, nas Unidades de Traballo Social (UTS), na web municipal e no BOP de Pontevedra nº 58 do 26.03.2021.

I.3. Durante o prazo establecido para a presentación de solicitudes, contado desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria no BOP nº 63, do 06.04.2021, tiveron entrada no Rexistro xeral municipal un total de 157, que foron tramitadas polo órgano instructor (Departamento de Benestar social), quen comprobou o cumprimento dos requisitos esixibles e a achega da documentación acreditativa, realizando os requirimentos de documentación preceptivos. A seguir, procedeu á súa avaliación individualizada de acordo cos criterios contidos nas Bases e a determinar os importes das axudas a percibir en cada caso.

I.4. Rematada a instrucción do expediente remitiuse á Comisión de valoración, que elaborou unha proposta coa relación de todas as persoas solicitantes que participaron na convocatoria, facendo constar expresamente as axudas concedidas (111), as que quedarían na lista de agarda (22) e as denegadas (24), indicando neste último suposto a causa da denegación. Así, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 07.10.2021, acordou:

- *«PRIMEIRO.- Conceder as subvencións do bono-taxi 2021 ás 111 primeiras persoas que reúnen os requisitos necesarios para obter a condición de usuario de bono-taxi. Relaciónanse no Anexo I que comenza por ***5812** cunha renda per cápita mensual de 21,41€ e finaliza por ***5289** cunha renda per cápita mensual de 988,65€ por cumprir os requisitos estipulados na base 6ª da convocatoria e existir orzamento para a concesión (...).*

(...) O gasto total (24.900,00€) imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.11 ("Subvención bono-taxi discapacitados"). RC-202000032451.

- *SEGUNDO.- Aprobar a lista de agarda, integrada polas seguintes 22 persoas, relacionadas no Anexo II, que cumpren tamén os requisitos esixidos. Iniciase pola persoa con DNI nº ***7724***, cunha renda per cápita mensual de 991,77€, e finaliza coa persoa con DNI nº ***6499**, cunha renda per cápita mensual de 1.331,33€.*
- *TERCEIRO.- Desestimar as solicitudes de subvención das persoas que se relacionan no Anexo III, que comeza pola persoa con DNI nº ***2898** e finaliza coa persoa con DNI nº ***7121**, reseñándose en cada caso o motivo da súa desestimación...».*



Concello de Vigo

I.5. Nese Anexo III (“*Solicitudes desestimadas 2021*”) figuraba, co número 17, a solicitude de D. Ángel Pais Román, por incumprir o requisito da base 6ª d): constar como titular de vehículo automóbil propio.

I.6. Contra aquel Acordo da Xunta de Goberno local o interesado presentou o 18.11.2021 no Rexistro xeral municipal (Doc. nº 210233502) un escrito a modo de RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN solicitando a revisión do acordado sobre a súa solicitude de subvención.

II. NORMATIVA RELACIONADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- Carta Europea de Autonomía local, Estrasburgo 15.10.1986 (BOE nº 47, 24.02.1989).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LO.2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e Sostibilidade financeira.
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- ROF (RD.2568/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- L.10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- L.10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade, de Galicia.
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- TRLRFL (RDLex. 2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- Orde EAH/3565/2008, do 3 de decembro, modificada pola Orde HAP 419/2014, do 14 de marzo, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades locais.
- «BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS DESTINADAS A PROPORCIONAR, MEDIANTE A UTILIZACIÓN DE BONO-TAXI, UN MEDIO ALTERNATIVO DE TRANSPORTE ADAPTADO A PERSOAS AFECTADAS POR GRAVES DISCAPACIDADES NA SÚA MOBILIDADE – ANO 2021».

- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.
- Instrucción 1/2014 da Intervención xeral municipal sobre aplicación da L.5/2014.

III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. En aplicación dos principios antiformalista e *pro actione* que rexen o procedemento administrativo e de acordo co disposto no Art. 115.2 da LPACAP, resulta indiferente para a tramitación e resolución do recurso a cualificación concreta que a persoa recorrente lle asigne ó escrito de impugnación (*reclamación, revisión...*), sempre que do seu contido poida inferirse o verdadeiro carácter de recurso administrativo.

III.2. Así as cousas, o recurso potestativo de reposición presentado por D. Ángel Pais Román diríxese contra o precitado Acordo da Xunta de Goberno Local do 07.10.2021.

III.3. O escrito de recurso cumpre cos requisitos formais básicos para a súa admisibilidade: interpónse en prazo e forma pola persoa interesada e diríxese fronte a un acto administrativo susceptible de impugnación por este medio (Art. 112, 123 e ccdtes. LPACAP), solicitando a estimación do recurso e, en consecuencia, que se modifique a resolución impugnada.

III.4. De acordo co disposto no Art. 124.2 LPACAP, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición é dun (1) mes. Transcorrido este sen que se producise a súa resolución expresa, deberíase entender desestimado por silencio administrativo (Art. 24 LPACAP) para os efectos de poder deducir o recurso contencioso-administrativo; sen prexuízo da obriga que pesa sobre a Administración de dictar resolución expresa en todos os procedementos e de notificala, calquera que sexa a súa forma de iniciación (Art. 21.1 LPACAP).

III.5. Procede, pois, entrar a coñecer o recurso do Sr. Pais Román, que propoñemos ESTIMAR expresamente toda vez que, revisado de novo o seu expediente, resultaría que, segundo a información facilitada pola DGT o 16.11.2021, o vehículo en cuestión foi dado de baixa o 30.10.1980.

III.6. Polo tanto, conforme coas «BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIONS DESTINADAS A PROPORCIONAR, MEDIANTE A UTILIZACIÓN DE BONO-TAXI, UN MEDIO ALTERNATIVO DE TRANSPORTE ADAPTADO A PERSOAS AFECTADAS POR GRAVES DISCAPACIDADES NA SÚA MOBILIDADE – ANO 2021», a cantidade que lle correspondería percibir, de acordo coa Táboa contida na Base cuarta, é de 200 €.

Capacidade económica usuario/a	Importe da subvención bono-taxi
Entre 0 e 600,00€	300,00 €
Entre 600,01€ e 850,00€	200,00 €
Entre 850,01€ e 1.412,25€	100,00 €

IV. PROPOSTA



Concello de Vigo

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación; en especial, os Arts. 112-120 e 123-124 da LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro), propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Estimar o recurso potestativo de reposición presentado por D. Ángel Pais Román (DNI/NIE/Pasaporte nº ***3868**) contra o Acordo da Xunta de Goberno Local de data 07.10.2021, recoñecéndolle o dereito a percibir unha axuda en concepto de bono-taxi por importe total de 200 €. O gasto derivado da estimación do recurso poderá imputarse á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.11 (“*Subvención taxis discapacitados*”) ou a súa bolsa de vinculación.

SEGUNDO: Notificar á persoa recorrente, con indicación de que contra a resolución deste recurso non cabe ningún outro recurso administrativo, a non ser o extraordinario de revisión nos casos establecidos no artigo 125 da LPACAP, e de que poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo nos Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses contado desde o día seguinte ó da notificación deste Acordo».

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(132).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN “FREIXEIRO DE AXUDA AO NECESITADO” (AFAN) PARA A ATENCIÓN INMEDIATA DE PERSOAS E FAMILIAS EN SITUACIÓN DE NECESIDADE (2022-2025). EXPTE. 231070/301.

Visto o informe xurídico do 17/02/2022 e o informe de fiscalización do 24/02/2022, dáse conta do informe-proposta de data 17/02/2022, asinado polo xefe de área de Benestar Social, pola concelleira-delegada de Política de Benestar Social e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. Na necesidade de atender ás persoas que se atopan en situación ou risco de exclusión social reside a conveniencia de artellar un sistema de axudas públicas a asociacións sen ánimo de lucro e institucións que teñan como obxectivo a atención inmediata a este colectivo.

II. A Concellería de Política de Benestar Social do Concello de Vigo ven traballando desde hai moitos anos coa “Asociación Freixeiro de Axuda ó Necesitado (AFAN)”, entidade colaboradora que presta un servizo inestimable cubrindo, en parte, as carencias da estrutura municipal actual na atención ás necesidades básicas de moitas persoas e familias en situación de precariedade económica.

III. Rematada a vixencia do anterior Convenio 2019-2021, aprobado pola XGL na súa sesión ordinaria do 11.04.2019 (Exp. n.º 180489/301) e modificado nos termos da *Addenda* aprobada polo mesmo órgano o 07.05.2020 (Exp. n.º 198464/301), estímase conveniente a continuación desta colaboración para os exercicios de 2022 a 2025, a fin de garantir un

marco máis estable que permita unha mellor prestación deste servizo de atención ás persoas.

IV. Para tal efecto, no orzamento da Concellería de Política de Benestar Social do ano 2022 existe consignación de crédito, na aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.03 - “*Convenio AFAN*” (60.000 €). As achegas correspondentes a futuros exercicios (2023, 2024 e 2025) estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

V. O seu réxime é o de concesión directa a teor dos artigos 22.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

VI. A concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela*» e que «*non se entenderá como exercicio de novas competencias*», entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

VII. Canto á vixencia deste Convenio, propónse que esta sexa de catro (4) anos (2022, 2023, 2024 e 2025), de acordo co previsto no Art. 49.h] da LRXSP e, especificamente, no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a «*garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio*».

En todo caso, como dixemos antes, as anualidades futuras quedarán necesariamente subordinadas ó crédito que se consigne, de ser o caso, nos respectivos orzamentos de 2023, 2024 e 2025.

Visto o que antecede, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o convenio de colaboración entre a Concellería de Política de Benestar Social e a “Asociación Freixeiro de Axuda ó Necesitado» - AFAN (CIF G-36660348) para a atención inmediata das necesidades básicas de persoas e familias en estado de necesidade para os anos 2022, 2023, 2024 e 2025.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto total de 240.000€, a razón de 60.000€/ano, con cargo no exercicio de 2022 á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.03 -*Convenio AFAN*-. As



Concello de Vigo

achegas correspondentes a futuros exercicios (2023, 2024 e 2025) estarán necesariamente condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “convocatoria instrumental” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(133).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MEDIACIÓN DE SEGUROS PRIVADOS DO CONCELLO DE VIGO E ORGANISMOS AUTÓNOMOS E ADHESIÓN Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP. EXPEDIENTE 6739/241.

Visto o informe xurídico do 25/02/2022 e o informe de fiscalización do 28/02/2022, dáse conta do informe-proposta de data 25/02/2022, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e pola concelleira-delegada de Contratación, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).
- Real decreto lei 3/2020, do 4 de febreiro, de medidas urxentes polas que se incorporan ao ordenamento xurídico español diversas directivas da Unión Europea en materia de contratación pública en determinados sectores; seguro privado; plans e fondos de pensións; do ámbito tributario e do litixio tributario

ANTECEDENTES

Primeiro.- O Concello de Vigo e o seu organismo autónomo, Xerencia de Urbanismo, para a cobertura dos riscos do seu persoal, a súa actividade e os seus bens contratan seguros. Para o asesoramento na definición de cada unha das pólizas que se estimen necesarias, a preparación da documentación contractual e a posterior licitación dos mesmos, así como

para a súa posterior xestión na fase de execución, necesitan do asesoramento dun corredor de seguros. Consonte ao artigo 155 do Real decreto lei 3/2020:

“1. Son corredores de seguros as persoas físicas ou xurídicas que realizan a actividade de distribución de seguros, ofrecendo asesoramento independente baseado en un análise obxectivo e personalizado, a quienes demanden a cobertura de riscos.

2. Los corredores de seguros deberán informar a quien trate de concertar el seguro sobre las condiciones del contrato que a su juicio conviene suscribir y ofrecer la cobertura que, de acuerdo a su criterio profesional, mejor se adapte a las necesidades de aquel; asimismo, velarán por la concurrencia de los requisitos que ha de reunir la póliza de seguro para su eficacia y plenitud de efectos.

3. Igualmente, vendrán obligados durante la vigencia del contrato de seguro en que hayan intervenido a facilitar al tomador, al asegurado y al beneficiario del seguro la información que reclamen sobre cualquiera de las cláusulas de la póliza y, en caso de siniestro, a prestarles su asistencia y asesoramiento”.

Segundo.- Mediante resolución de 17 de febreiro de 2022 a Concelleira Delegada da área de Contratación acordou iniciar o procedemento para a contratación por procedemento aberto do servizo de mediación de seguros privados, á vista do Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola xefa do servizo de Contratación o mesmo día.

Terceiro.- Conforme ao acordo da XGL de data 17 de febreiro de 2022, este Concello adheriuse á Central de Contratación da FEMP, que se constitúe como un sistema de racionalización da contratación ao servizo das súas entidades locais asociadas.

Cuarto.- A FEMP, a través do seu Central de Contratación licitou o servizo de mediación de riscos e seguros mediante un Acordo Marco cun único adxudicatario e 3 lotes xeográficos. Galicia pertence ao lote 1.

Devandito Acordo Marco adxudicouse con data de 12 de decembro de 2019 a WILLIS IBERIA CORREDURÍA DE SEGUROS E REASEGUROS, S.A., formalizándose o Acordo Marco para cada un dos lotes o 3 de marzo de 2020, e comezando a súa execución ao día seguinte. Ten unha vixencia de 2 anos e poderá ser obxecto de prórrogas dúas prórrogas anuais. No entanto, a duración da última prórroga anual poderá ser reducida por acordo entre ambas as partes até un máximo de 6 meses. O 28 de xaneiro deste ano formalizouse a primeira prórroga que comezará o día 4 de marzo.

Quinto.- No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola xefa do servizo de Contratación, de data 17 de febreiro de 2022.
- Orde de inicio de tramitación do expediente da Concelleira Delegada da área de Contratación, de data 17 de febreiro de 2022.
- Memoria xustificativa do contrato asinada pola xefa do servizo de contratación, de data 23 de febreiro de 2022.



Concello de Vigo

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexen á celebración do convenio marco para a contratación dos servizos de mediación de riscos e seguros polos centro de contratación da FEMP.
- Prego de prescricións técnicas particulares que rexen á celebración do convenio marco para a contratación dos servizos de mediación de riscos e seguros polos centro de contratación da FEMP.
- A oferta técnica (sobre 2) da oferta de WILLIS.
- A oferta económica do lote 1 (sobre 3) da oferta de WILLIS.
- Acordo Marco da contratación dos servizos de mediación de riscos e seguros polos centro de contratación FEMP, de data 3 de marzo de 2020.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Do expediente de contratación

A celebración de contratos por parte das Administracións Públicas require a previa tramitación dun expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade del contrato.

Se ben a iniciación do expediente de contratación correspóndelle ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o caso de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 da LCSP), delegouse nos concelleiros de Área por acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019.

O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 da LCSP, e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas reitores do contrato (artigo 116.3 da LCSP).

No mesmo xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP) e a xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116.4 f). Así mesmo, consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Se ben no artigo 116.3 da LCSP se establece que ó expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, o presente contrato non xera custe económico directo para a Administración municipal, polo que non resulta necesario. Ilo é así porque, tal e como dispón o artigo 156.3 do Real decreto lei 3/2020, o Concello non aboará prezo ningún á correduría de seguros. Está será retribuída polas entidades aseguradoras coas que se contraten as correspondentes pólizas de seguros, que lle aboarán como prezo o resultado de aplicar ás primas netas dos seguros (prima total menos impostos, recargos e taxas de Consorcio de compensación de seguros) a porcentaxe de comisión ofertada polo contratista.

-II-

Do acordo marco

O artigo 218 da LCSP regula sistemas para a racionalización da contratación das administracións públicas, entre os que se atopan os acordos marco.

Mediante os acordos marcos, un ou varios órganos de contratación subscriben, cunha ou varias empresas, as condicións a que se deberán axustar os contratos que pretendan adxudicar durante un período determinado, que non poderá exceder dos catro anos (artigo 219.1 e 2 da LCSP).

Tal e como se indicou nos antecedentes, esta Administración adheriuse á central de contratación da FEMP, a cal subscribiu un acordo marco de mediación de seguros, adxudicado a WILLIS IBERIA CORREDURÍA DE SEGUROS E REASEGUROS, S.A. Este acordo formalizouse o 3 de marzo de 2020, e comezou a súa execución ao día seguinte. Ten un prazo de 2 anos e prevé dúas prórrogas dun ano de duración cada unha, comezando a primeira prórroga o día 4 de marzo do presente ano.

A lei esixe os seguintes **requisitos para a adxudicación do contrato baseado nun acordo marco**:

1. A vixencia do acordo marco (artigo 219.3 da LCSP). Para fixar a data relevante para o cumprimento deste requisito a lei distingue dous supostos, que sexa necesario realizar unha licitación para a adxudicación do contrato baseado, ou que non sexa necesaria, como no suposto que nos ocupa. En este segundo caso a data relevante será a da adxudicación do contrato baseado. Do dito despréndese que o acordo marco de mediación de seguros da FEMP na actualidade está vixente.
2. Só se poderán subscribir contratos baseados nun acordo marco entre as empresas e os órganos de contratación que fosen orixinariamente partes nel, salvo no caso de que se trate de acordos marco realizados por centrais de contratación (artigo 221.1 en relación co artigo 227.4 da LCSP). Neste caso, poderanse subscribir contratos baseados entre as empresas e entes do sector público parte do acordo marco, así como por outros entes do sector público, sempre que os ditos entes, entidades ou organismos se identificasen no prego regulador do acordo marco, e se fixese constar esta circunstancia na convocatoria de licitación, como acontece no presente caso.
3. A remisión do correspondente anuncio á Oficina de Publicacións da Unión Europea, no caso de que se trate de contratos suxeitos a regulación harmonizada, no prazo de trinta días desde a súa formalización (artigo 220.2 da LCSP). No presente caso non procede porque tratase dun contrato privado non suxeito a regulación harmonizada.
4. A súa publicación no perfil de contratante do órgano de contratación (artigo 220.2 da LCSP).

-III- COMPETENCIA

A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP).

É preceptivo, con carácter previo á aprobación do expediente de contratación, o informe da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), e a fiscalización previa. Esta última non é necesaria no presente caso por canto o expediente non xera gastos á facenda municipal.



Concello de Vigo

ACORDO

Por todo o exposto, e unha vez incorporados ao expediente informe da titular da asesoría xurídica, e o informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación de mediación de riscos e seguros.

Segundo.- Adxudicar o contrato baseado no Acordo Marco de mediación de riscos e seguros adxudicado pola Central de Contratación da FEMP con data de 12 de decembro de 2019 e formalizado o 3 de marzo de 2020, a WILLIS IBERIA CORREDURÍA DE SEGUROS E REASEGUROS, S.A.

Terceiro.- Formalizar o citado contrato”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(134).- PRÓRROGA DO CONTRATO PARA A XESTIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE "EDUCACIÓN BÁSICA DE PERSOAS ADULTAS". EXPTE. 23910/332.

Visto o informe xurídico do 15/02/2022 e o informe de fiscalización do 22/02/2022, dáse conta do informe-proposta de data 04/02/2022, asinado pola xefa do Servizo de Educación, pola concelleira-delegada de área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

1.- Aprobación expediente de contratación: A Xunta de Goberno Local, na sesión do 16 de xaneiro de 2020, aprobou o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de “Educación Básica de Persoas Adultas” (expediente 23910/332), así como, o Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) de 19/11/2019 e o Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 19/12/2019 que rexen a licitación, mailo gasto por importe de 75.100,00 euros, acordando a apertura do procedemento de licitación.

2.- Adxudicación: A Xunta de Goberno Local na sesión de 30 de abril de 2020 acordou adxudicar á ASOCIACIÓN MULLERES PROGRESISTAS o procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do Programa municipal de Educación Básica de Persoas Adultas, coas seguintes condicións:

- O prezo total do contrato é de 74.852,00 euros (exento de IVE).
- Comprométese á impartición dunha actividade complementaria de carácter mensual dentro do horario lectivo, de conformidade co contemplado no punto 7.2.b do PPT.

- Comprométese á impartición dunha actividade extraescolar mensual fóra do horario lectivo, de conformidade co contemplado no punto 7.2.b. do PPT.

- Comprométese á impartición dun curso anual específico de formación de persoal, de duración igual ou maior de 10 horas, de conformidade co contemplado no punto 7.2.d do PPT.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local e a oferta presentada.

3.- Prazos: O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) referise aos prazos na cláusula 26:

“1.- O adxudicatario estará obrigado ao cumprimento do prazo total fixado para a execución do contrato, así como dos prazos parciais que, no seu caso, se teñan establecido.

2.- (...)”

O apartado 4 das Follas de Características do Contrato (FEC) do PCAP establece respecto ao prazo de execución :

A) *PRAZO TOTAL: dous cursos lectivos.*

B) *PRAZOS PARCIAIS: non se fixan.*

C) *PRÓRROGA DO CONTRATO E EN CASO AFIRMATIVO DURACIÓN: sí, dúas prórrogas coa duración do curso lectivo (outubro a maior).*

D) *DATA PREVISTA PARA O INICIO DO CONTRATO: 1 de outubro de 2020.”*

4.- Formalización do contrato: O contrato foi formalizado en data 18 de xuño de 2020 entre o Concello de Vigo e a entidade adxudicataria, establecéndose na cláusula 4ª do mesmo que *“O prazo do contrato é de 2 cursos (outubro a maio), contado a partir do día seguinte á última sinatura dixital do mesmo. Contémplanse dúas prórrogas coa duración do curso lectivo”*. En consecuencia, a data de finalización prevista para este contrato é o 31 de maio de 2022.

5.- Preaviso da prórroga: En consonancia co artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, a cláusula 7.3 do PCAP establece que *“Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.”*

En data 02 de febreiro de 2022, a adxudicataria recibe a notificación do preaviso mencionado no parágrafo anterior, no que se indica a intención do Concello de Vigo de acordar a prórroga de un curso para o contrato dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do Programa municipal de Educación Básica de Persoas Adultas, conforme ao estipulado no mesmo.

6.- Prestación do servizo: A prestación dos dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do Programa municipal de Educación Básica de Persoas Adultas por parte da entidade actualmente adxudicataria (Asociación Mulleres Progresistas) estase a realizar a plena satisfacción deste Servizo de Educación, cun correcto cumprimento do establecido tanto



Concello de Vigo

nos correspondentes pregos de condicións como na súa oferta. Polo tanto, dende o Servizo de Educación enténdese que, de conformidade cos intereses municipais, procede a continuidade do servizo mediante a materialización da prórroga de un curso contemplada no correspondente PCAP para o período comprendido entre o 01/10/2022 e o 31/05/2023.

7.- Orzamento: O prezo total do contrato para dous anos quedou aprobado por un importe de 74.852,00 euros, sendo o prezo por anualidade de 37.426,00 euros. No apartado 3K das Follas de características do contrato indícase que non procede a revisión de prezos.

Polo tanto, o prezo para a prórroga por un curso deste contrato quedaría fixado en 37.426,00 euros, exenta de IVE, que se dividiría en dúas anualidades: 14.034,75 euros con cargo ao exercicio orzamentario 2022 (de outubro a decembro) e 23.391,25 euros con cargo ao exercicio 2023 (de xaneiro a maio) e podería imputarse á aplicación orzamentaria 3260.227.9916 (Programa Educación Básica Persoas Adultas) dos exercicios 2022 e 2023, conforme á anterior división.

En relación aos créditos para o exercicio 2022, faise constar que xa existe a operación contable RC 202200004861, por importe de 14.034,75 euros, de retención de crédito para a tramitación da primeira prórroga do contrato.

8.- Competencia: A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017.

Á vista das anteriores consideracións, propónse que se eleve á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral e Asesoría Xurídica, a adopción dos seguintes **acordos**:

1º.- Autorizar a prórroga do contrato para os servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do Programa municipal de Educación Básica de Persoas Adultas (expte. 23910/332) para o período comprendido entre o 01/10/2022 e o 31/05/2023, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida.

2º.- Autorizar e comprometer un importe de 37.426,00 euros correspondente a esta prórroga, a favor da Asociación Mulleres Progresistas, CIF G-36.657.336. Este gasto imputarase con cargo á aplicación orzamentaria 3260.227.9916 (Programa Educación Básica Persoas Adultas), e a súa distribución anual será a seguinte:

- Con cargo ao exercicio orzamentario 2022 (de 01/10/2022 a 31/12/2022): 14.034,75 euros.
- Con cargo ao exercicio orzamentario 2023 (de 01/01/2023 a 31/05/2023): 23.391,25 euros.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(135).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE PARA O CONTRATO MAIOR DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL SANTA MARTA-CASCO VELLO 2022. EXPTE. 25581/332.

Visto o informe xurídico do 22/02/2022 e o informe de fiscalización do 24/02/2022, dáse conta do informe-proposta de data 21/02/2022, asinado pola xefa do Servizo de Educación, pola concelleira-delegada de área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 16 de decembro de 2021, o Concelleiro de Educación resolveu “iniciar un novo expediente administrativo para a contratación da xestión da Escola Infantil Municipal (EIM) “Santa Marta-Casco Vello”.

No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade da contratación de data 15/12/2021.
- Resolución do Concelleiro de Educación de 16/12/2021, pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.
- Declaración do redactor do Prego técnico, do 27/12/2021.
- Prego de prescricións técnicas (PPT e anexos) de data 27/12/2021, redactado polo servizo de Educación.
- Memoria Económica, redactada polo servizo de Educación, de 19/01/2022.
- Documentos económicos (RC e RCFUT), de 24/01/2022.
- Memoria Xustificativa de data 18/02/2022, redactada polo servizo de Educación.
- Informe de data 21/02/2022 da xefa do Servizo de Contratación, sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 21/02/2022, redactado polo servizo de Contratación.

As características básicas do contrato, tal e como se indica na documentación que conforma o expediente, son as seguintes:

Obxecto: a xestión parcial da Escola Infantil Municipal “Santa Marta-Casco Vello”, que comprende a atención total de nenos e nenas que se escolarizarán nela, tanto nos aspectos educativos previstos na Lei orgánica 2/2006 de educación (LOE) para o primeiro ciclo de educación infantil, como na súa alimentación, coidado e hixiene dentro do horario da escola, e a xestión e administración do centro baixo a coordinación do Servizo de Educación, e de acordo cos requisitos contidos neste prego e no de prescricións técnicas.

Duración: catro (4) anos, máis unha posible prórroga dun ano de duración

Prezo: estímase un prezo anual do contrato de 298.725,10 euros

Aplicación orzamentaria (e bolsa de vinculación):

3230.227.99.06 “EIM Santa Marta-Casco Vello”



Concello de Vigo

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP). A resolución segundo o artigo 117 da LCSP deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, **proponse** á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción dos seguintes **acordos**:

1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos para a xestión da Escola infantil municipal (EIM) Santa Marta-Casco Vello.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas (e anexos) de 27/12/2021 redactado polo Servizo de Educación, e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 21/02/2022 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente, para a contratación dos servizos para a xestión da Escola infantil municipal (EIM) Santa Marta-Casco Vello, por procedemento aberto.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 1.194.900,40 euros (149.362,55€ na anualidade de 2022; 298.725,10€ nas anualidades de 2023, 2024 e 2025; e 149.362,55€ na anualidade de 2026), importes exentos do IVE, para a contratación dos servizos para a xestión da Escola infantil municipal (EIM) Santa Marta-Casco Vello, por procedemento aberto, con cargo á partida presupostaria 3230.227.99.06 ("EIM Santa Marta-Casco Vello"), e bolsa de vinculación.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(136).- SEGUNDA PRÓRROGA NA CESIÓN TEMPORAL DA VIVENDA MUNICIPAL IDENTIFICADA NO REXISTRO DE ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS CO NÚMERO E-638-C-7, POR UN PERÍODO MÁXIMO DE CATRO MESES. EXPTE. 10987/224.

Dáse conta do informe-proposta de data 25/002/2022, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade, pola asesora xurídica de Igualdade e pola concelleira-delegada de área, que di o seguinte:

O día 5 de xullo de 2021 o equipo de profesionais do *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller* emite informe no que se expón a problemática familiar da usuaria identificada con NIE número ****9928*, onde se reflicte a necesidade de procurarlle un

acollemento temporal, acompañada do seu fillo, a medio prazo, nunha das vivendas que conforman a rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero.

En atención á demanda formulada e á situación descrita no proxecto de intervención emitido polo servizo municipal de atención á muller, a concellería de Igualdade valorou necesario que se aprobase a ocupación provisional da vivenda identificada con número E-638-C-7, co obxecto de que a usuaria identificada con NIE número ****9928* e o seu fillo, a ocupase por un período de seis meses, transcorridos os cales debería abandonar a vivenda, agás se xustificase a necesidade de prórroga polos servizos municipais de atención á muller. Acordo da Xunta de Goberno Local de data 8 de xullo de 2021.

Desde o día 14 de xullo de 2021, a dita unidade familiar, permanece acollida temporalmente na vivenda de protección, cumprindo as normas de convivencia e os obxectivos pactados no proxecto de intervención.

A proposta dos servizos municipais de atención á muller, a Xunta de Goberno Local en data 13 de xaneiro de 2022 acorda aprobar unha prórroga de estancia por un período máximo de dous meses a contar desde o día 14 de xaneiro de 2022.

O equipo multidisciplinar do CMIDM composto por unha avogada, unha traballadora social e unha psicóloga fai o seguimento da familia xunto coa educadora familiar asignada. No informe de seguimento que emite este equipo municipal en data 24 de febreiro de 2022 e a teor da situación social da beneficiaria, conclúese a importancia de prorrogar a súa estancia na vivenda de protección municipal, por un período non superior a catro meses, mentres non se acaden os obxectivos previstos no proxecto de intervención.

Por todo o exposto, proponse á Xunta de Goberno que adopte o seguinte acordo:

“Autorizar unha segunda prórroga na cesión temporal da vivenda municipal identificada no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co número E-638-C-7 por un período máximo de catro meses de duración a contar desde o día 14 de marzo de 2022 atendendo ás circunstancias que obran no expediente 10987/224.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(137).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DE PORTERÍA, CONTROL DE ACCESOS E INFORMACIÓN AO PÚBLICO NOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO. EXPTE. 3881/321.

Visto o informe xurídico do 16/02/2022 e o informe de fiscalización do 21/02/2022, dáse conta do informe-proposta de data 28/01/2022, asinado pola técnica de xestión do servizo, pola técnica de Admon. Xeral, polo concelleiro-delegado de Participación Cidadá e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:



Concello de Vigo

NORMATIVA DE APLICACIÓN

–Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

–Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

–Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

–Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

–Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

ANTECEDENTES

I. Con data 3 de maio de 2018, a Xunta de Goberno Local acordou:

“Adxudicar a UTE INTEGRÁ MXSI CEE GALICIA, S.L.- INTEGRÁ MGSÍ CEE, S.L., o procedemento aberto para a contratación dos servizos de portería, control de acceso e información ao público nos centros municipais de distrito (3.725-321) coas seguintes condicións:

a) O prezo total do contrato é de 544.011,55 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 94.415,23 euros.

b) Propón un incremento de 4.000 horas anuais de apertura dos centros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”

II. O 24 de xullo de 2018 formalizouse o contrato en documento administrativo por un período de 4 anos con posibilidade de dúas prórrogas dun ano de duración cada unha, comezando a súa execución o 1 de agosto, polo que, o seu prazo finalizará o vindeiro 31/07/2022.

III. O contratista non comunicou por escrito a súa oposición á prórroga con 9 meses de antelación á data de vencemento do prazo, polo que con data 28/01/2022 o concelleiro delegado de Participación Cidadá e Festas asinou a orde de inicio do expediente núm. 3881-321 para a prórroga dun (1) ano do contrato.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. O artigo 23 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 16 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, dispón no seu apartado 2º, que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato preveña expresamente o contrario, sen que poda producirse polo consentimento tácito das partes.

O artigo 303 da citada norma, sinala, á súa vez, que os contratos de servizos non poderán ter un prazo de vixencia superior a catro anos coas condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias das Administracións Públicas, se ben, poderá preverse no mesmo contrato a súa prórroga por mutuo acordo das partes antes da finalización daquel, sempre que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, non exceda de seis anos, e que as prórrogas non superen, illada ou conxuntamente o prazo fixado orixinariamente.

II. Segundo a Cláusula 4ª do contrato o prazo do contrato será de catro anos con posibilidade de prorrogalo por períodos anuais ata un máximo de dúas prórrogas.

O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP, en diante) do contrato dispón, na cláusula 7ª, que o prazo do contrato será o establecido no apartado 4.A da FEC, que establece un prazo de catro anos.

Así mesmo, a Cláusula 7ª do PCAP establece que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das Follas de Características do Contrato (FEC) sempre que, medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo. O contratista poderá opoñerse a prórroga comunicándoo por escrito con 9 meses de antelación a data de vencemento do prazo ou da prórroga en curso.

En relación co anterior, o apartado 4.C das FEC prevé dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

III. Na actualidade o servizo de conserxería, control de accesos e información ao público nos Centros Municipais de Distrito se desenvolve conforme o disposto no prego de condicións técnicas, realizándose de maneira satisfactoria pola empresa adxudicataria do contrato.

Toda vez que o prazo de execución do contrato remata o 31/07/2022, e debido á necesidade de garantir o servizo, faise necesario tramitar a presente prórroga de un ano de duración do contrato.

As características do contrato permanecerán inalterables durante o período de duración da prórroga, manténdose a mellora ofertada no contrato.

De conformidade co anteriormente exposto e de acordo co establecido nos artigos 23 e 303 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 16 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, e conforme a previsión contida nos pregos e demais documentación do contrato, nas cláusulas 4ª e 7ª do Prego de Cláusulas Administrativas e no apartado 4.C das FEC do contrato, atendendo ás necesidades contractuais que se expoñen no presente informe e previo informe de fiscalización favorable da Intervención Xeral Municipal, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, a aprobación do seguinte

ACORDO



Concello de Vigo

PRIMEIRO: Autorizar a prórroga de UN ANO, para o período comprendido entre o 01/08/2022-31/07/2023, do contrato para a prestación dos servizos de conserxería, control de accesos e información ao público nos Centros Municipais de Distrito, do que é adxudicataria UTE INTEGRA MXSI CEE GALICIA, S.L.- INTEGRA MGSÍ CEE, S.L., (U70556444) por acordo da Xunta de Goberno Local de 3 de maio de 2018.

O importe da prórroga será de 136.002,89 euros, manténdose, no período de prórroga, a mellora ofertada do incremento de 4.000 horas anuais de apertura dos centros.

SEGUNDO: Autorizar e comprometer o gasto da prórroga do contrato, de acordo co disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, polo importe total de 136.002,89 euros, dos que 56.667,87 € corresponden ao orzamento de 2022 e 79.335,02 € ao orzamento de 2023, e se imputará á aplicación orzamentaria 9240 2279904 "AT. AO PÚBLICO EN OFICINAS DESCENTRALIZADAS"

TERCEIRO: Notificar o presente acordo á empresa contratista, nos termos establecidos nos art. 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC), con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante a Xurisdición Contencioso-administrativa de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015 (LPAC) e 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditalar e notificar resolución.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(138).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZO DE VIXILANCIA DOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO. EXPTE. 10527/320.

Visto o informe xurídico do 17/02/2022 e o informe de fiscalización do 22/02/2022, dáse conta do informe-proposta de data 15/02/2022, asinado pola técnica de xestión do servizo, pola técnica de Admon. Xeral, polo concelleiro-delegado de Participación Cidadá e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011

–Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia dos Centros Municipais de Distrito (3.401-321)

ANTECEDENTES

I. A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria **do 18 de maio de 2017**, adoptou o seguinte acordo:

“Adxudicar a PROSEGUR SOLUCIONES INTEGRALES DE SEGURIDAD ESPAÑA, S.L., o procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia dos Centros Municipais de Distrito (3.401-321) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 251.220,20 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 43.600,20 euros.*
- b) Propón a instalación e mantemento dos seguintes sistemas de gravación:
 - Unha plataforma de xestión de videovixilancia remota
 - con acceso desde móbil á plataforma
 - con xestión de cámaras remota
 - Propón un incremento de cámaras de videovixilancia
 - 0 cámara exterior motorizada antivandálica
 - 1 cámara exterior antivandálica
 - 4 cámaras exterior / interior
 - 0 Módulos antisabotaxe
 - 0 Detectores volumétricos
- c) Propón un incremento do número de visitas de control:
 - Durante o peche dos centros 2 visitas.
 - En horario diúrno en sábados, domingos e festivos 2 visitas.
- d) Propón un incremento de 5 acudas por incidencia.
- e) Propón unha periodicidade trimestral nas revisións e control de todos os medios de seguridade.
- f) *Propón un tempo de resposta ante avarías de 2 horas e 30 minutos.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

II. A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria **do 17 de xaneiro de 2019**, acordou:

“1º.- Modificar o contrato do servizo de vixilancia dos Centros Municipais de Distrito (3401-321), nos termos que constan no informe do xefe do Servizo de de Participación cidadá de data 2 de novembro de 2018, que consiste na incorporación dun novo centro correspondente ao inmovible



Concello de Vigo

municipal situado na rúa San Miguel nº 2, rúa Eduardo Cabello 39, e rúa Alfolíes 10, denominado "Casa do Patín", en Bouzas e adscrito ao servizo de participación cidadá como Centro Municipal de Distritos de Bouzas. A modificación representa un 15,63% do prezo primitivo do contrato.

2º.- Autorizar o gasto correspondente á modificación, que supón un incremento do seu importe anual en 15.705,26 € dende o 10/01/2019 ao 30/06/2021, que se distribuirían orzamentariamente segundo o indicado no citado informe:

- ano 2019: 15.274,98 €
- ano 2020: 15.705,26 €
- ano 2021: 7.852,63 €

TOTAL: 39.263,15 €

3º.- Reaxustar a garantía definitiva con carácter previo á formalización do contrato.

4º.- Formalizar por escrito a presente modificación."

A modificación do contrato foi formalizada con data 28/02/2019, quedando establecido o importe anual do contrato, trala modificación, en 78.510,31 euros (62.805,05 + 15.705,26)

III. A Xunta de Goberno Local de data **10 de xuño de 2021** adoptou o seguinte acordo (expte. 10111/320):

"Autorizar a prórroga de UN ANO do contrato, no período comprendido entre o 01/07/2021-30/06/2022, para a prestación servizo de vixilancia dos Centros Municipais de Distrito (expediente núm. 3401/321) dependente da Concellería de Participación Cidadá e Festas, do que é actual adxudicataria PROSEGUR SOLUCIONES INTEGRALES DE SEGURIDAD ESPAÑA, S.L. por acordo da Xunta de Goberno Local de 18 de maio de 2017, nos termos do dito acordo e da modificación introducida no contrato, en virtude do acordo do mesmo órgano de data 17/01/2019 (expte. Núm. 3866-321), consistente na incorporación dun novo centro correspondente ao inmovible municipal situado na rúa San Miguel nº 2, rúa Eduardo Cabello 39, e rúa Alfolíes 10, denominado "Casa do Patín", en Bouzas, e adscrito ao servizo de participación cidadá como Centro Municipal de Distritos de Bouzas.

O importe da prórroga será de 78.510,31 €, dos que 39.255,16 € corresponden ao orzamento de 2021 e 39.255,15 € ao orzamento de 2022, e se imputará á partida 9240 2270100 "VIXIANCIA E SEGURIDADE", manténdose, no período de prórroga, as condicións ofertadas no contrato e na súa modificación, sen custe para o Concello:

- Propón a instalación e mantemento dos seguintes sistemas de gravación:

- Unha plataforma de xestión de videovixilancia remota
 - con acceso desde móbil á plataforma
 - con xestión de cámaras remota
- Propón un incremento de cámaras de videovixilancia

- 0 cámara exterior motorizada antivandálica
- 1 cámara exterior antivandálica
- 4 cámaras exterior / interior
- 0 Módulos antisabotaxe
- 0 Detectores volumétricos

- *Propón un incremento do número de visitas de control:*

- *Durante o peche dos centros 2 visitas.*
- *En horario diúrno en sábados, domingos e festivos 2 visitas.*

- *Propón un incremento de 5 acudas por incidencia.*

- *Propón unha periodicidade trimestral nas revisións e control de todos os medios de seguridade.*

- *Propón un tempo de resposta ante avarías de 2 horas e 30 minutos.*

...”

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. O artigo 23 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 16 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, dispón no seu apartado 2º, que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato prevexa expresamente o contrario, sen que poda producirse polo consentimento tácito das partes.

O artigo 303 da citada norma, sinala, á súa vez, que os contratos de servizos non poderán ter un prazo de vixencia superior a catro anos coas condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias das Administracións Públicas, se ben, poderá preverse no mesmo contrato a súa prórroga por mutuo acordo das partes antes da finalización daquel, sempre que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, non exceda de seis anos, e que as prórrogas non superen, illada ou conxuntamente o prazo fixado orixinariamente.

O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP, en diante) do contrato dispón, na cláusula 7ª, que o prazo do contrato será o establecido no apartado 4.A da FEC, que establece un prazo de catro anos.

Así mesmo, a Cláusula 7ª do PCAP establece que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das Follas de Características do Contrato (FEC) sempre que, medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo. O contratista poderá opoñerse a prórroga comunicándoo por escrito con 9 meses de antelación a data de vencemento do prazo ou da prórroga en curso.



Concello de Vigo

En relación co anterior, o apartado 4.C das FEC prevé dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

II. O contrato foi formalizado con datas 28/06/2017, iniciándose a súa execución, conforme a súa Cláusula 4ª, con efectos de 1/07/2017, polo que, o seu prazo finalizou o 30/06/2021 e, trala autorización da 1ª prórroga dun ano, o prazo desta vencerá o vindeiro 30/06/2022.

III. O contratista non ten comunicado por escrito a súa oposición á prórroga con 9 meses de antelación á data de vencemento do prazo.

IV. Na actualidade o servizo de vixilancia dos Centros Municipais de Distrito se desenvolve conforme o disposto no prego de condicións técnicas, realizándose de maneira satisfactoria pola empresa adxudicataria, polo que toda vez que o prazo de execución da primeira prórroga do contrato remata o 30/06/2022, e debido á necesidade de garantir o servizo, faise necesario tramitar a presente prórroga dun ano de duración do contrato.

V. As características do contrato permanecerán inalterables durante o período de duración da prórroga, manténdose a mellora ofertada no contrato.

VI. A prórroga do contrato terá un importe de 78.510,31 € e se imputará á aplicación orzamentaria 9240 2270100 "VIXIANCIA E SEGURIDADE", quedando distribuído o prezo para o período 01/07/2022 - 30/06/2023, nas anualidades que se indican de seguido:

Ano 2022	
Xullo-decembro 2022	39.255,16 €
Ano 2023	
Xaneiro-xuño 2023	39.255,15 €

VII. As técnicas que subscriben o informe declaran non estar incursas en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado por Resolución da Concellería-Delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal de data 3 de marzo de 2021, adoptada en execución do obxectivo 3.4.1 do plan operativo (Res. Concellería 17/12/2019), correspondente á liña estratéxica 3 do marco estratéxico (AXGL 12/12/2019) do Plan de Integridade na Contratación.

Asemade, os concelleiros delegados de Participación Cidadá e Festas e Orzamentos e Facenda subscriben declaración de non estar incursos en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da concellería delegada de Xestión Municipal de data 24 de febreiro de 2021 e no Plan de Integridade na Contratación.

De conformidade co anteriormente exposto e de acordo co establecido nos artigos 23 e 303 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 16 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, e conforme a previsión contida nos pregos e demais documentación do contrato, nas cláusulas 4ª e 7ª do Prego de Cláusulas

Administrativas e no apartado 4.C das FEC do contrato, atendendo ás necesidades contractuais que se expoñen no presente informe e previo informe de fiscalización favorable da Intervención Xeral Municipal, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, a aprobación do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO: Autorizar a 2ª prórroga de UN ANO do contrato, no período comprendido entre o 01/07/2022- 30/06/2023, para a prestación servizo de vixilancia dos Centros Municipais de Distrito (expediente núm. 3401/321) dependente da Concellería de Participación Cidadá e Festas, do que é actual adxudicataria PROSEGUR SOLUCIONES INTEGRALES DE SEGURIDAD ESPAÑA, S.L. por acordo da Xunta de Goberno Local de 18 de maio de 2017, nos termos do dito acordo e da modificación introducida no contrato, en virtude do acordo do mesmo órgano de data 17/01/2019 (expte. Núm. 3866-321), consistente na incorporación dun novo centro correspondente ao inmovible municipal situado na rúa San Miguel nº 2, rúa Eduardo Cabello 39, e rúa Alfolíes 10, denominado “Casa do Patín”, en Bouzas, e adscrito ao servizo de participación cidadá como Centro Municipal de Distritos de Bouzas.

O importe da prórroga será de 78.510,31 €, dos que 39.255,16 € corresponden ao orzamento de 2022 e 39.255,15 € ao orzamento de 2023, e se imputará á aplicación orzamentaria 9240 2270100 “VIXIANCIA E SEGURIDADE”, manténdose, no período de prórroga, as condicións ofertadas no contrato e na súa modificación, sen custe para o Concello:

- Propón a instalación e mantemento dos seguintes sistemas de gravación:

- Unha plataforma de xestión de videovixilancia remota
 - con acceso desde móbil á plataforma
 - con xestión de cámaras remota
- Propón un incremento de cámaras de videovixilancia
 - 0 cámara exterior motorizada antivandálica
 - 1 cámara exterior antivandálica
 - 4 cámaras exterior / interior
- 0 Módulos antisabotaxe
- 0 Detectores volumétricos

- Propón un incremento do número de visitas de control:

- Durante o peche dos centros 2 visitas.
- En horario diúrno en sábados, domingos e festivos 2 visitas.

- Propón un incremento de 5 acudas por incidencia.

- Propón unha periodicidade trimestral nas revisións e control de todos os medios de seguridade.

- Propón un tempo de resposta ante avarías de 2 horas e 30 minutos.



Concello de Vigo

SEGUNDO: Autorizar e comprometer o gasto da 2ª prórroga do contrato, de acordo co disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, polo importe total de 78.510,31 €, DOS QUE 39.255,16 € CORRESPONDEN AO ORZAMENTO DE 2022 E 39.255,15 € AO ORZAMENTO DE 2023, E SE IMPUTARÁ Á APLICACIÓN ORZAMENTARIA 9240 2270100 "VIXIANCIA E SEGURIDADE",

TERCEIRO: Notificar o presente acordo á empresa contratista, nos termos establecidos nos art. 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC), con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante a Xurisdición Contencioso-administrativa de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015 (LPAC) e 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(139).- ACEPTACIÓN DA RENUNCIA EXPRESA PRESENTADA POLA ASOCIACIÓN VECIÑAL "CRISTO DA VICTORIA" DENTRO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E A PARTICIPACIÓN CIDADÁ. EXPTE. 10465/320.

Dáse conta do informe-proposta de data 21/02/2022, asinado pola técnica de Admon. Xeral do servizo e polo concelleiro-delegado de Participación Cidadá, que di o seguinte:

Con data 21/10/2021, a Xunta de Goberno Local acordou, en relación ao procedemento de *Outorgamento de Subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá, para o ano 2021*" outorgar á Asociación Veciñal Cristo de la Victoria de Coia (CIF: 36622793) unha subvención por importe total de **7.170,22 €**:

- CONCEDER á entidade que de seguido se relaciona a seguinte subvención:

PROGRAMA I e II	PUNTOS	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN
Gastos Mantemento: Subministrados. Servizos Xerais. Seguros. Impostos. Material Funxible. Avarías e Conservación. Investimento COVID.	56	7.855,00 €	4.821,58 €
Material Informático. Mobiliario Oficina e Similares. Material COVID.	51	3.208,00 €	2.348,64 €

Con data 28/12/2021, a Asociación Veciñal Cristo de la Victoria de Coia (CIF: 36622793) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, achega o "**Anexo XII. Renuncia**" (nº

documento: 210296568) no que se declara, de xeito expreso, a renuncia á subvención outorgada para o equipamento previsto no **Programa II: “Material informático. Mobiliario oficina e similares. Material Covid”, por un importe 2.348,64 €.**

Conforme ao establecido na Base Décimo Segunda das bases que rexen a convocatoria da subvención “a **beneficiaria poderá renunciar**, expresamente, á subvención concedida, total ou individualmente por Programas, renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade co artigo 94 da Lei 39/2015, do LPAC. A renuncia realizarase no **Anexo XII, aprobado con estas bases**” [...]

De conformidade co anteriormente exposto, previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Participación Cidadá e Festas, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 17/08/2020, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de **ACORDO:**

1º.- ACEPTAR a renuncia presentada pola Asociación Veciñal Cristo de la Victoria de Coia (CIF: 36622793) á subvención outorgada pola Xunta de Goberno Local o pasado 21/10/2021 ao abeiro das “Subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá”, concretamente para o Programa II: “Material informático. Mobiliario oficina e similares. Material Covid”, por un importe 2.348,64 €.

2º.- Notificar, o presente acordo, á entidade interesada e á Intervención Xeral para coñecemento e efectos oportunos.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(140).- ACEPTACIÓN DA RENUNCIA EXPRESA PRESENTADA "ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL E DEPORTIVA DE CABRAL" DENTRO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E A PARTICIPACIÓN CIDADÁ. EXPTE. 10218/320.

Dáse conta do informe-proposta de data 21/02/2022, asinado pola técnica de Admon. Xeral do servizo e polo concelleiro-delegado de Participación Cidadá, que di o seguinte:

Con data 21/10/2021, a Xunta de Goberno Local acordou, en relación ao procedemento de *Outorgamento de Subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá, para o ano 2021*” outorgar á Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Cabral (CIF: 36651073) unha subvención por importe total de **7.412,64 €:**



Concello de Vigo

PROGRAMA	PUNTOS	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN
Gastos Mantemento: Subministrados. Servizos Xerais. Seguros. Impostos. Gastos de Persoal.	82	18.502,00 €	6.000,00 €
A: Reparación rede eléctrica do local social	50	1.765,81 €	1.412,64 €

Con data 28/11/2021, a Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Cabral (CIF: 36651073), a través da sede electrónica do Concello de Vigo, achega o “**Anexo XII. Renuncia**” (número documento: 210217952) no que se declara, de xeito expreso, a renuncia á subvención outorgada para o investimento en obras previsto no **Programa III: “Reparación rede eléctrica do local social”, por un importe 1.412,64 €.**

Conforme ao establecido na Base Décimo Segunda das bases que rexen a convocatoria da subvención “a **beneficiaria poderá renunciar**, expresamente, á subvención concedida, total ou individualmente por Programas, renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade co artigo 94 da Lei 39/2015, do LPAC. A renuncia realizarase no **Anexo XII, aprobado con estas bases**” [...]

De conformidade co anteriormente exposto, previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Participación Cidadá e Festas, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 17/08/2020, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de **ACORDO:**

1º.- ACEPTAR a renuncia presentada pola Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Cabral (CIF: 36651073) á subvención outorgada pola Xunta de Goberno Local o pasado 21/10/2021 ao abeiro das “Subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá”, concretamente para o Programa III. Gastos en investimento. Obras: “Reparación rede eléctrica do local social”, por un importe 1.412,64 €.

2º.- Notificar, o presente acordo, á entidade interesada e á Intervención Xeral para coñecemento e efectos oportunos.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(141).- ACEPTACIÓN DA RENUNCIA EXPRESA PRESENTADA "CENTRO RECREATIVO, ARTÍSTICO E CULTURAL DE CORUXO" DENTRO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E A PARTICIPACIÓN CIDADÁ. EXPTE. 10386/320.

Dáse conta do informe-proposta de data 21/02/2022, asinado pola técnica de Admon. Xeral do servizo e polo concelleiro-delegado de Participación Cidadá, que di o seguinte:

Con data 21/10/2021, a Xunta de Goberno Local acordou, en relación ao procedemento de *Outorgamento de Subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá, para o ano 2021*” outorgar ao Centro Recreativo Artístico e Cultural de Coruxo (CIF: 36627495) unha subvención por importe total de **13.617,08 €**:

- CONCEDER á entidade que de seguido se relaciona a seguinte subvención:

PROGRAMA	PUN- TOS	ORZAMEN- TO	SUBVENCIÓN
Gastos Mantemento: Subministros. Servizos Xerais. Seguros. Impostos. Material Funxible. Avarías e Conservación. Investimento COVID.	73	13.050,00 €	6.000,00 €
Material Informático, Material Audiovisual.	41	655,00 €	655,00 €
A: Limpeza da pedra, encintado e repintado da fachada exterior	59	9.329,10 €	6.962,08 €

Con data 10/12/2021, ao Centro Recreativo Artístico e Cultural de Coruxo (CIF: 36627495) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, achega o “**Anexo XII. Renuncia**” (nº documento: 210252174) no que se declara, de xeito expreso, a renuncia á subvención outorgada para o equipamento previsto no **Programa II: “Material informático. Material Audiovisual”, por un importe 655,00 €.**

Conforme ao establecido na Base Décimo Segunda das bases que rexen a convocatoria da subvención “a **beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida, total ou individualmente por Programas, renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade co artigo 94 da Lei 39/2015, do LPAC. A renuncia realizarase no **Anexo XII, aprobado con estas bases**” [...]**

De conformidade co anteriormente exposto, previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Participación Cidadá e Festas, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 17/08/2020, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de **ACORDO**:

1º.- ACEPTAR a renuncia presentada polo Centro Recreativo Artístico e Cultural de Coruxo (CIF: 36627495) á subvención outorgada pola Xunta de Goberno Local o pasado 21/10/2021 ao abeiro das “Subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá”, concretamente para o Programa II: “Material informático. Material Audiovisual”, por un importe 655,00 €.

2º.- Notificar, o presente acordo, á entidade interesada e á Intervención Xeral para coñecemento e efectos oportunos.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

13(142).- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POLA SECCIÓN SINDICAL CC OO CONTRA ACORDO DA XGL 13/01/2022, DE APROBACIÓN DAS BASES REITORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO QUE PERMITA OS NOMEAMENTOS INTERINOS COMO OFICIAIS DESINFECTORES. EXPTE. 39347/220.

Dáse conta do informe-proposta de data 22/02/2022, asinado pola técnica de Admon. Xeral de RR HH e Formación, pola xefa de Área de RR HH e Formación e pola concelleira-delegada de área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 13/01/2022, adoptou acordo polo que se aproban as bases reitoras do proceso selectivo para a formación dunha Bolsa de emprego que permita os nomeamentos interinos como oficiais desinfectores (BOP nº 26, 08/02/2022)

II.- O día 15/02/2022 a representación da sección sindical de CCOO, interpón recurso de reposición contra o citado acordo.

III.- Solicitando informe á xefatura de medio ambiente en relación á “esixencia do requisito da cualificación profesional referida - “SEA028_2 Servizos para o Control de Pragmas, Nivel 2, Modulo ou Unidade competencial UC0079_2 aplicar medios e produtos para o control de pragas (carnet de aplicador de plaguicidas, nivel cualificado) -” o mesmo foi emitido con data de 22/02/2022, constando anexado ao expediente.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I.- En canto á **lexitimación** para interpor o recurso de reposición, dispón o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local que, contra os actos e acordos das entidades locais que poñan fin a vía administrativa, poderán os interesados exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente, podendo non obstante, interpor con carácter previo e potestativo recurso de reposición. No mesmo sentido o artigo 112 da Lei 39/2015 determina que contra as resolucións e os actos de trámite cualificados poderán interpoñerse polos interesados os recursos de alzada e potestativo de reposición.

En canto a lexitimación dos recorrentes, a resposta a ofrece a Sentencia do Tribunal Supremo de 22 de febreiro de 2016 (recaída en el recurso de casación 4156/2014) en relación coas bases dun proceso selectivo, cando afirma: “...*En efecto, la cuestión de la legitimación de las organizaciones sindicales se debe resolver caso por caso atendiendo a cuál sea el objeto de la impugnación a fin de establecer si está en juego el interés profesional cuya defensa persiguen o si en la actuación cuestionada solamente se manifiestan los particulares intereses de las personas afectadas. Por eso, tratándose de procedimientos selectivos, en los supuestos en que se discuta de la conformidad al ordenamiento de una convocatoria o de sus bases o en aquellos otros en que se perciba una instrumentalización de los procedimientos para fines distintos de los que le son propios, la legitimación de los sindicatos habrá de apreciarse, en principio.*”

En cambio, cuando solamente esté en juego el particular resultado de unas pruebas selectivas, la regla deberá ser la contraria...”

Polo tanto, no presente caso, discutindo a conformidade ao ordenamento xurídico das bases da convocatoria, é indubidable a lexitimación do recorrente.

O **prazo** de impugnación é de un mes (artigo 124 da lei 39/2015) dende a notificación ou publicación do acto ou acordo impugnado, prazo respetado polo recorrente, en tanto que o 08/02/2022 foi publicado o acto administrativo polo que publican as bases, interpoñendo o recurso de reposición o día 15/02/2022.

II.- Con carácter previo resulta necesario deixar constancia de que o presente informe-xurídico emítase ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, conténdose no mesmo a interpretación razoada e fundada en Dereito –xurídica, doutrinal e xurisprudencialmente motivada- da funcionaria suscribinte, na súa condición de técnico de Administración Xeral (rama xurídica) do Concello de Vigo; interpretación xurídica debidamente razoada ou *argumentum ad iudicium* que, como toda interpretación, resulta susceptible de ser contradita ou debatida coa correspondente argumentación xurídica a *sensu contrario*.

III.- En canto a solicitude de suspensión.-

En canto a solicitude de suspensión, no ámbito do procedemento administrativo, a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas parte da executividade dos actos administrativos, “os actos das administracións públicas suxeitos ao dereito administrativo serán inmediatamente executivos (artigo 98). En concreto, cando se interpoña un recurso administrativo o artigo 117 prevé como regra xeneral que “no suspenderá la ejecución del acto impugnado, si bien el órgano a quien compete resolver el recurso, previa ponderación, suficientemente razonada, entre el perjuicio que causaría al interés público o a terceros la suspensión y el ocasionado al recurrente como consecuencia de la eficacia inmediata del acto recurrido, podrá suspender, de oficio o a solicitud del recurrente, la ejecución del acto impugnado cuando concurren alguna de las siguientes circunstancias:

- **a)** Que la ejecución pudiera causar perjuicios de imposible o difícil reparación.
- **b)** Que la impugnación se fundamente en alguna de las causas de nulidad de pleno derecho previstas en el artículo 47.1 de esa Ley.

A estos efectos se regula un silencio positivo en el artículo 117.3 pues la ejecución del acto impugnado se entenderá suspendida si transcurrido un mes desde que la solicitud de suspensión haya tenido entrada en el registro electrónico de la Administración u Organismo competente para decidir sobre la misma, el órgano a quien compete resolver el recurso no ha dictado y notificado resolución expresa al respecto. Por otra parte, si de la suspensión pueden derivarse perjuicios de cualquier naturaleza, aquélla sólo producirá efectos previa prestación de caución o garantía suficiente para responder de ellos, en los términos establecidos reglamentariamente.”

No presente caso, e sen prexuízo do que exporase a continuación en canto ao fondo do asunto, que implicaría de por si a inexistencia das circunstancias necesarias para acordar a



Concello de Vigo

suspensión (prexuízos de imposible reparación e causas de nulidade de pleno dereito previstas no artigo 47 anteriormente referido), entendo que suspensión do acto causaría un prexuízo evidente ó interese xeral que se pon de manifesto na necesidade e urxencia da formación de bolsa para poder nomear interinamente ás persoas necesarias co fin de atender con prontitude os servizos públicos, polo que non procede a suspensión do acto impugnado.

IV.- Interpón o Sr. Alonso recurso de reposición por varios motivos:

Primeiro.- Alega que no apartado II das bases, ademais das condicións de acceso xeral, título académico “Estar en posesión ou en condición de obter o título académico oficial de Graduado en Educación Secundaria obrigatoria”, esíxese o “título de formación profesional, curso de especialización de formación profesional previsto no Real Decreto 1538/2006, de 15 de decembro, o dun certificado de profesionalidade que acrediten as unidades de competencia correspondentes á cualificación profesional “SEA028_2 Servizos para o Control de Pragmas, Nivel 2, Modulo ou Unidade competencial UC0079_2 aplicar medios e produtos para o control de pragmas”.

Considera que a esixencia deste requisito de acceso constitúe unha limitación de participación na convocatoria establecida, ad hoc, en prexuízo de múltiples aspirantes e en beneficio dalgúns poucos, e e contraria a dereito por non estar incluído ese requisito na Relación de Postos de Traballo vixente.

Ao respecto indicar o seguinte:

A solicitude do requisito do certificado profesional referido no recurso foi incluído nas bases da convocatoria a petición da xefatura do Servizo de Medioambiente que literalmente indicaba que *“Os oficiais desinfectores deben posuír unha cualificación profesional específica para prestar os seus servizos cal é:*

“Posesión dun título de formación profesional, curso de especialización de formación profesional previsto en el Real Decreto 1538/2006, de 15 de diciembre, o dun certificado de profesionalidad que acrediten as unidades de competencia correspondentes á cualificación profesional “SEA028_2 Servizos para o Control de Pragmas, Nivel 2, Modulo ou Unidade competencial UC0079_2 aplicar medios e produtos para o control de pragmas”, ou titulación equivalente.”

Solicitando informe á xefatura de medio ambiente, logo da interposición do recurso, en relación á “esixencia do requisito da cualificación profesional referida - “SEA028_2 Servizos para o Control de Pragmas, Nivel 2, Modulo ou Unidade competencial UC0079_2 aplicar medios e produtos para o control de pragmas (carnet de aplicador de plaguicidas, nivel cualificado) -” o mesmo foi emitido con data de 22/02/2022, constando anexado ao expediente, indicando que: *“En contestación ó seu oficio de data 16/02/2022, en relación co recurso de reposición interposto polo Secretario da sección sindical de CC.OO bases reitoras do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego de oficias desinfectores (publicadas no BOP no 26 de 8 de febreiro de 2022), e non que atinxe ó motivo do recurso da esixencia do requisito da cualificación profesional indicada:*

“SEA028_2 Servizos para o Control de Pragas, Nivel 2, Modulo ou Unidade competencial UC0079_2 aplicar medios e produtos para o control de pragas (carnet de aplicador de plaguicidas, nivel cualificado) - ,

emítese o seguinte informe:

En escrito remitido a RR.HH. co núm. 200180408/2020 e posterior, púxose de manifesto que os oficiais desinfectores para desenvolver o seu traballo deben posuír:

“Un título de formación profesional, curso de especialización de formación profesional previsto en el Real Decreto 1538/2006, de 15 de diciembre, o dun certificado de profesionalidad que acrediten as unidades de competencia correspondentes á cualificación profesional “SEA028_2 Servizos para o Control de Pragas, Nivel 2, Modulo ou Unidade competencial UC0079_2 aplicar medios e produtos para o control de pragas”, ou titulación equivalente.”

Esta obriga fundaméntase nos seguintes motivos:

1.- Os Oficiais Desinfectores do Servizo Municipal de Control de Pragas desenvolven, fundamentalmente, tarefas de DESINFECCIÓN, DESINSECTACIÓN E DESRATIZACIÓN para o control das prgas nos bens mobles e inmobles de uso e servizo público co obxecto de garantir a salubridade pública e para o que utilizan os correspondentes produtos biocidas.

2.- O Real Decreto 830/2010, de 25 de xuño, polo que se establece a normativa reguladora da capacitación para realizar tratamentos con biocidas (BOE núm 170, de 14 de xullo de 2010) ten por obxecto a protección da saúde mediante o establecemento de criterios que permitan garantir uns niveis mínimos de capacitación ás persoas que desenvolven actividades laborais relacionadas con a aplicación de produtos biocidas.

No concepto de biocidas establecido no artigo 1 do citado Rd inclúense aqueles produtos DESINFECTANTES, desinfección en vida privada e saúde pública, hixiene veterinaria e en contacto con alimentos e pensos; CONSERVANTES, protectores de madeiras e líquidos; PRAGUICIDAS nos que se inclúen os rodenticidas, insecticidas/acaricidas, repelentes e atraíntes.

O artigo 3 deste Real Decreto 830/2010 di que “estarán capacitadas para realizar actividades laborais relacionadas coa aplicación de biocidas aquelas persoas que acrediten ter superado unha formación en dito ámbito, de acordo co establecido no artigo 4”.

O citado artigo 4 sinala que:

“La capacitación para la aplicación de biocidas, o para realizar diagnósticos de situación, planificar y evaluar riesgos, supervisar tratamientos y definir medidas a adoptar, y asegurar el cumplimiento de las obligaciones de carácter técnico de los tratamientos con los distintos tipos de biocidas, podrá acreditarse de la siguiente forma:

a) Para los TP 2, 3, 4, 11, 14, 18 y 19:

1º. Por la posesión de un título de formación profesional, curso de especialización de formación profesional previsto en el Real Decreto 1538/2006, de 15 de diciembre, o de un



Concello de Vigo

certificado de profesionalidad que acrediten las unidades de competencia correspondientes a la cualificación profesional Servicios para el control de plagas (nivel2), incluida en el Catálogo Nacional de Cualificaciones Profesionales a través del Real Decreto 295/2004 de 20 de febrero, por el que se establecen determinadas cualificaciones profesionales que se incluyen en el Catálogo nacional de cualificaciones profesionales, así como sus correspondientes módulos formativos que se incorporan al Catálogo modular de formación profesional, anexo XXVIII, cuando se trate de personal que aplica biocidas de los tipos 2, 3, 4, 14, 18 y 19 (salvo los TP2 utilizados en el control de legionella (clave 100 del Registro Oficial de Biocidas).

2º. Por la posesión de un título de formación profesional, curso de especialización de formación profesional a los que se refiere el apartado anterior, o de un certificado de profesionalidad que acrediten las unidades de competencia correspondientes a la cualificación profesional Gestión de servicios para el control de organismos nocivos (nivel3) incluida en el Catálogo Nacional de Cualificaciones Profesionales a través del Real Decreto 814/2007, de 22 de junio, por el que se complementa el Catálogo Nacional de Cualificaciones Profesionales, mediante el establecimiento de dos cualificaciones profesionales correspondientes a la Familia Profesional Seguridad y Medio Ambiente, cuando se trate de personal que realiza diagnósticos de situación, planifica y evalúa tratamientos, supervisa riesgos y define medidas a adoptar, y asegura el cumplimiento de las obligaciones de carácter técnico de los tratamientos con biocidas de los tipos 2, 3, 4, 11, 14, 18 y 19.

En la obtención del certificado de profesionalidad referido en los apartados 1º y 2º, se estará a lo dispuesto por el artículo 8.1 del Real Decreto 34/2008, de 18 de enero, por el que se regulan los certificados de profesionalidad, sobre vías para la obtención de los certificados de profesionalidad, y por el Real Decreto 1224/2009, de 17 de julio, de reconocimiento de las competencias profesionales adquiridas por experiencia laboral.

(...)"

3.- Pola súa banda, o citado Real Decreto 830/2010, de 25 de xuño, na Disposición transitoria primeira, sobre a Validez dos carnés vixentes no momento de aprobarse o citado Real Decreto, di:

1. En el ámbito de los biocidas de los tipos 2, 3, 4, 14, 18 y 19, se concede un plazo de 6 años durante los cuales se prorrogará la validez de los carnés, niveles básico y cualificado hasta el momento homologados para uso ambiental y en la industria alimentaria a contar desde el día siguiente de la publicación de este real decreto.

2. Para continuar ejerciendo su actividad una vez finalizado este periodo transitorio, los trabajadores que actualmente cuentan con los carnés básico o cualificado de control de plagas, deberán cumplir con las condiciones que establezca la legislación que, en desarrollo del Real Decreto 34/2008, de 18 de enero, promulgue el Ministerio de Trabajo e Inmigración, relativa a la obtención de los Certificados de Profesionalidad correspondientes a las Cualificaciones Profesionales de nivel 2 (Servicios para el control de plagas), y nivel 3 (Gestión de servicios para el control de organismos nocivos). En todo caso, deberán haber realizado los cursos correspondientes a los niveles especiales para la aplicación de biocidas clasificados como muy tóxicos, y biocidas que sean o generen gases, cuyos programas aparecen en el anexo II de este real decreto.

4.- A Orde de 29 de xuño de 2016, pola que se prorroga o prazo de validez dos carnés de biocidas (DOG 11/07/2016) establece:

“Artigo único Prórroga da validez dos carnés de biocidas.

De conformidade co establecido no apartado 3.a) da disposición transitoria primeira, validez dos carnés actuais, del Real decreto 830/2010, de 25 de xuño, polo que se establece a normativa reguladora da capacitación para realizar tratamentos con biocidas (BOE núm. 170, de 14 de xullo), no ámbito dos biocidas dos tipos 2, 3, 4, 14,18 e 19, prorrógase ata o 15 de xullo de 2020 a validez dos actuais carnés, niveis básico e cualificado, ata o momento homologados para uso ambiental e na industria alimentaria.

Polo exposto, a día de hoxe a aplicación de biocidas esixe a capacitación do Rd 34/2008, de 18 de xaneiro, e da normativa que a desenvolve. Neste sentido, o Rd estatal 295/2004, de 20 de febreiro, establece no seu Anexo XXVIII a cualificación profesional de Servizos para o Control de Pragmas (Nivel 2, Código SEA028-2), Modulo u Unidade competencial UC0079_2 aplicar medios e produtos para o control de pragmas, que se inclúen no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais; e o Rd 1536/2011, de 31 de outubro, que establece, entre outros, o Certificado de Profesionalidade de Servizos para o Control de Pragmas (Nivel 2), que se inclúe no Repertorio Nacional de Certificados Profesionais.

A xuízo do que subscribe, esixir a citada capacitación para a contratación dun oficial desinfector ningunha vulneración produce sobre o acceso a función pública xa que é un requisito establecido legalmente para poder realizar as labores de desinfectar.

De non establecerse a esixencia da mencionada titulación chegaríamos ao absurdo administrativo de contratar a unha persoa para unha tarefa –desinfectar- que non podería desenvolver o seu traballo o non poder utilizar os produtos biocidas.”

A mais absoluta conformidade co informe emitido, o cal afirma o evidente, sendo un requisito establecido legalmente, sin o cal os traballadores non poden desenvolver as súas funcións, non queda outra que a súa esixencia. A Administración debe procurar a existencia dos postos que lle sexan necesarios para o correcto funcionamento da mesma e para satisfacer os servizos públicos. Por outra banda, debe poder esixir aos empregados públicos o desenvolvemento das funcións que lle corresponden, e os traballadores deben de ter a capacidade e aptitude para o cumprimento das súas funcións que lle son propias.

En atención ao exposto procede a desestimación do recurso por este motivo.

Segundo.- Alega que, en relación co punto das Bases que establece que: *“Contra a exclusión na lista de admitidos e recusacións dos membros do Órgano de selección poderanse presentar reclamacións e emendar erros ou omisións no prazo de tres días hábiles contados dende a publicación do anuncio contendo a mesma no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na web municipal www.vigo.org”, é de aplicación os artigos 82 e 83 da Lei 39/2015, e que o prazo non pode ser inferior a 20 días hábiles.*

Os artigos alegados polo recorrente, van referidos ao trámite de audiencia, sendo que neste caso é de aplicación o artigo 68 referido á subsanación ou mellora da solicitude. *“Si la solicitud de iniciación no reúne los requisitos que señala el artículo 66, y, en su caso, los que se-*



Concello de Vigo

ñala el artículo 67 u otros exigidos por la legislación específica aplicable, se requerirá al interesado para que, en un plazo de diez días, subsane la falta o acompañe los documentos preceptivos, con indicación de que, si así no lo hiciera, se le tendrá por desistido de su petición, previa resolución que deberá ser dictada en los términos previstos en el artículo 21”

Establecendo as bases un prazo de tres días, de conformidade co artigo citado, procede modificar o mesmo fixando un prazo de 10 días.

Terceiro.- Invoca o artigo 55 da Lei orgánica 3/2007 de 2 de marzo para a igualdade de trato de mulleres e homes, que esixe un informe de impacto de xénero nas probas de acceso ao emprego público. Non obstante o propio artigo contempla unha excepción: ***“La aprobación de convocatorias de pruebas selectivas para el acceso al empleo público deberá acompañarse de un informe de impacto de género, salvo en casos de urgencia y siempre sin perjuicio de la prohibición de discriminación por razón de sexo.”***

No caso que nos ocupa, entendo que non procede a estimación do recurso en este punto polo motivo seguinte. Os procesos de selección de persoal interino, levan implicitamente e por propia definición a urxencia e a necesidade. Toda a relación xurídica interina ven conformada por este elemento de urxencia: dende o seu nacemento, a través de procedementos áxiles para a súa selección ata o seu nomeamento.

Así consta na solicitude da xefatura do servizo de medio ambiente ***“se inicie de forma urxente o procedemento administrativo para a creación dunha bolsa de emprego de “oficiais desinfectores” con cualificación profesional de “SEA028_2 Servizos para o Control de Pragmas, Nivel 2, Modulo ou Unidade competencial UC0079_2 aplicar medios e produtos para o control de pragas (carnet de aplicador de plaguicidas, nivel cualificado)”ou titulación equivalente, que permita o nomeamento de funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas (de conformidade co disposto no art. 10.1. d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público).”***

En canto a prohibición de discriminación por razón de sexo, dicir que nas bases hai referencias abundantes encamiñadas a garantir o principio de igualdade de oportunidades contemplado no artigo 14 da CE 1978, que leva consigo a proscrición de calquera tipo de discriminación pola razón que sexa. É preciso indicar que o informe de impacto de xénero trata de evitar un impacto de xénero negativo, e promover a igualdade de mulleres e homes. O obxectivo principal é eliminar as desigualdades con respecto aos roles asignados a mulleres e homes para eliminar a división sexual do traballo, deben supoñer unha ferramenta ex ante para previr desigualdades e mostrar o compromiso das políticas públicas coa igualdade. A efectos informativos, indicar que o pleno da Corporación Municipal do Concello de Vigo, en sesión ordinaria do día 15 de setembro de 2021, acordou aprobar o I Plan de Igualdade do Persoal ao servizo de Concello de Vigo, que acredita o compromiso do Concello coa igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, concretando unha serie de medidas con diferentes prazos de seguimento, onde se establece que o Concello dotará de medios humanos e materiais necesarios para o desenvolvemento das medidas do plan, dotando as partidas orzamentarias que proceda para a súa execución. Os medios humanos serán adecuados, suficientes e con cualificación especializada nos eidos de recursos humanos e igualdade, contemplando perfís técnicos e administrativos. Igualmente en cumprimento da normativa a composición dos órganos de selección cumpre o requisito de paridade, respondendo ao principio de presenza equilibrada de mulleres e homes, sempre que

iso non implique vulnerar os principios de profesionalidade e especialización das persoas que os integran.

En atención a todo o exposto, visto o Recurso interposto e de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Común das Administracións Públicas, e vistas as competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Desestimar, de conformidade co Informe-Proposta que antecede e pola motivación legal exposta a solicitude de suspensión do acto impugnado.

Segundo.- Estimar parcialmente, de conformidade co Informe-Proposta que antecede e pola motivación legal exposta, o recurso interposto en data 15/02/2022 pola representación sindical de CCOO, contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 16/12/2021, rectificando o prazo sinalado no punto VI “Publicidade”, terceiro parágrafo, quedando redactado da seguinte: “Contra a exclusión na lista de admitidos e recusacións dos membros do Órgano de selección poderanse presentar reclamacións e emendar erros ou omisións no prazo de dez días hábiles contados dende a publicación do anuncio contendo a mesma no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na web municipal www.vigo.org”.

Terceiro.- Desestimar de conformidade cos informes emitidos no expediente, e pola motivación legal exposta, os demais motivos alegados no recurso.

Cuarto.- Ordenar a publicación no Boletín Oficial da Provincia, na web municipal www.vigo.org e no taboleiro de edictos da Casa do Concello, para público e xeral coñecemento.

Quinto.- Notifíquese o presente acordo ao recorrente, significándolle que contra o mesmo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(143).- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN POLA REPRESENTACIÓN DA SECCIÓN SINDICAL CIG CONTRA ACORDO DA XGL 13/01/2022, DE APROBACIÓN DAS BASES REITORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO QUE PERMITA OS NOMEAMENTOS INTERINOS COMO OFICIAIS DESINFECTORES. EXPTE. 39347/220.



Concello de Vigo

Dáse conta do informe-proposta de data 23/02/2022, asinado pola técnica de Admon. Xeral de RR HH e Formación, pola xefa de Área de RR HH e Formación e pola concelleira-delegada de área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 13/01/2022, adoptou acordo polo que se aproban as bases reitoras do proceso selectivo para a formación dunha Bolsa de emprego que permita os nomeamentos interinos como oficiais desinfectores (BOP nº 26, 08/02/2022)

II.- O día 16/02/2022 a representación da sección sindical da CIG, interpón recurso de reposición contra o citado acordo.

III.- Solicitando informe á xefatura de medio ambiente en relación á “esixencia do requisito da cualificación profesional referida - “SEA028_2 Servizos para o Control de Pragas, Nivel 2, Modulo ou Unidade competencial UC0079_2 aplicar medios e produtos para o control de pragas (carnet de aplicador de plaguicidas, nivel cualificado) -” o mesmo foi emitido con data de 22/02/2022, constando anexado ao expediente.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I.- En canto á **lexitimación** para interpor o recurso de reposición, dispón o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local que, contra os actos e acordos das entidades locais que poñan fin a vía administrativa, poderán os interesados exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente, podendo non obstante, interpor con carácter previo e potestativo recurso de reposición. No mesmo sentido o artigo 112 da Lei 39/2015 determina que contra as resolucións e os actos de trámite cualificados poderán interpoñerse polos interesados os recursos de alzada e potestativo de reposición.

En canto a lexitimación dos recorrentes, a resposta a ofrece a Sentencia do Tribunal Supremo de 22 de febreiro de 2016 (recaída en el recurso de casación 4156/2014) en relación coas bases dun proceso selectivo, cando afirma: “...*En efecto, la cuestión de la legitimación de las organizaciones sindicales se debe resolver caso por caso atendiendo a cuál sea el objeto de la impugnación a fin de establecer si está en juego el interés profesional cuya defensa persiguen o si en la actuación cuestionada solamente se manifiestan los particulares intereses de las personas afectadas. Por eso, tratándose de procedimientos selectivos, en los supuestos en que se discuta de la conformidad al ordenamiento de una convocatoria o de sus bases o en aquellos otros en que se perciba una instrumentalización de los procedimientos para fines distintos de los que le son propios, la legitimación de los sindicatos habrá de apreciarse, en principio.*

En cambio, cuando solamente esté en juego el particular resultado de unas pruebas selectivas, la regla deberá ser la contraria...”

Polo tanto, no presente caso, discutindo a conformidade ao ordenamento xurídico das bases da convocatoria, é indubidable a lexitimación do recorrente.

O **prazo** de impugnación é de un mes (artigo 124 da lei 39/2015) dende a notificación ou publicación do acto ou acordo impugnado, prazo respetado polo recorrente, en tanto que o

08/02/2022 foi publicado o acto administrativo polo que publican as bases, interpoñendo o recurso de reposición o día 16/02/2022.

II.- Con carácter previo resulta necesario deixar constancia de que o presente informe-xurídico emítese ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, conténdose no mesmo a interpretación razoada e fundada en Dereito –xurídica, doutrinal e xurisprudencialmente motivada- da funcionaria suscribinte, na súa condición de técnico de Administración Xeral (rama xurídica) do Concello de Vigo; interpretación xurídica debidamente razoada ou *argumentum ad iudicium* que, como toda interpretación, resulta susceptible de ser contradita ou debatida coa correspondente argumentación xurídica a *sensu contrario*.

III.-.- O recurso de reposición está fundado en varios motivos:

Primeiro.- Alega que as bases incorren en irregularidades por contemplar como criterio de desempate unha proba de carácter práctico, propoñendo que o desempate se resolva a “favor da muller e/ou se atenda a puntuación obtida nos distintos apartados do baremo de méritos e pola súa orde.”

En primeiro lugar parece necesario lembrar que os recursos se poden interpoñer contra as resolucións e os actos de trámite, si estes últimos deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, **e no caso de que se funden en calquera de los motivos de nulidade ou nubilidade.**

En segundo lugar as bases da convocatoria expresan o exercicio dunha potestade administrativa de organización marcadamente discrecional posto que corresponderá á administración determinar cando se convoca, que prazas se convocan (logo da negociación da OEP) e baixo que condicións selectivas. Tal discrecionalidade non é absoluta posto que hai limitacións ou condicionantes. Así as mais significativas son o bloque de legalidade estatal, autonómica e local sobre emprego público que hai que respectar, e a forza do fáctico, é dicir necesidades obxectivas que reclaman a convocatoria, neste caso a necesidade urxente de dispoñer dunha bolsa de oficiais desinfectores.

Por último, o artigo 37.2.e) do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, é que deixa ao marxe da negociación “*La regulación y determinación concreta, en cada caso, de los sistemas, criterios, órganos y procedimientos de acceso al empleo público y la promoción profesional*”. A principal consecuencia práctica da exclusión é que quedan fora do ámbito negociador das bases xerais e específicas que regulan os procesos de selección e de promoción interna así como as convocatorias concretas.

No caso que no ocupa, o recurso interposto non está fundado en motivo de nulidade ou anulabilidade algún. Se alega de xeito xenérico “irregularidades” pero no fondo, o que fai a recorrente é manifestar a súa opinión de como deberían ser as bases. O criterio de desempate establecido é un criterio perfectamente obxectivo e acorde cos principios de igualdade, mérito e capacidade que presiden o acceso ao emprego público. É mais, consideramos que o mais obxectivo. En canto ao criterio de desempatar segundo o orde de puntuación obtida nos distintos apartados do baremo de méritos, foi o criterio de desempate



Concello de Vigo

establecido noutras bases de convocatoria de este concello, como a de enxeñeiros industrias ou de camiños, dándose a circunstancia nestes procesos selectivos, de que logo de aplicar todos os criterios de desempate establecidos (o que teña mais puntos por este orde, exames aprobados, experiencia profesional, formación académica e formación complementaria), persistiu o empate, polo que, finalmente houbo de realizar un sorteo público para dirimir os empates, mediante a escolla ao chou dunha letra que determinou por orde alfabética do primeiro apelido a posición na lista de chamamentos dos aspirantes coa mesma puntuación. Criterio válido para o caso, pero non cabe dúbida que resulta mais axeitado discriminar as puntuacións dos empatados cunha proba que cun sorteo, que no deixa de ser resolver a situación ao chou. O establecemento dunha sinxela proba para dirimir un empate, non parece incompatible co sistema de selección mediante concurso, simplemente se intentou, dentro da discrecionalidade de elaboración das bases da convocatoria, establecer un criterio de desempate o máis obxectivo e acorde cos principios constitucionais de acceso ao emprego público posible.

Segundo.- Alega que no apartado II das bases, ademais das condicións de acceso xeral, título académico “Estar en posesión ou en condición de obter o título académico oficial de Graduado en Educación Secundaria obrigatoria”, esíxese o “título de formación profesional, curso de especialización de formación profesional previsto no Real Decreto 1538/2006, de 15 de decembro, o dun certificado de profesionalidade que acrediten as unidades de competencia correspondentes á cualificación profesional “SEA028_2 Servizos para o Control de Pragmas, Nivel 2, Modulo ou Unidade competencial UC0079_2 aplicar medios e produtos para o control de pragmas”.

Considera que a esixencia deste requisito de acceso constitúe unha limitación de participación na convocatoria establecida, non conforme a dereito.

Ao respecto indicar o seguinte:

A solicitude do requisito do certificado profesional referido no recurso foi incluído nas bases da convocatoria a petición da xefatura do Servizo de Medioambiente que literalmente indicaba que “*Os oficiais desinfectores deben posuír unha cualificación profesional específica para prestar os seus servizos cal é:*

“Posesión dun título de formación profesional, curso de especialización de formación profesional previsto en el Real Decreto 1538/2006, de 15 de diciembre, o dun certificado de profesionalidad que acrediten as unidades de competencia correspondentes á cualificación profesional “SEA028_2 Servizos para o Control de Pragmas, Nivel 2, Modulo ou Unidade competencial UC0079_2 aplicar medios e produtos para o control de pragmas”, ou titulación equivalente.”

Solicitando informe á xefatura de medio ambiente, logo da interposición do recurso, en relación á “esixencia do requisito da cualificación profesional referida - “SEA028_2 Servizos para o Control de Pragmas, Nivel 2, Modulo ou Unidade competencial UC0079_2 aplicar medios e produtos para o control de pragmas (carnet de aplicador de plaguicidas, nivel cualificado) -” o mesmo foi emitido con data de 22/02/2022, constando anexado ao expediente, indicando que: “*En contestación ó seu oficio de data 16/02/2022, en relación co recurso de reposición interposto polo Secretario da sección sindical de CC.OO bases reitoras do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego de oficias desinfectores (publicadas no*

BOP no 26 de 8 de febreiro de 2022), e non que atinxe ó motivo do recurso da esixencia do requisito da cualificación profesional indicada:

“SEA028_2 Servizos para o Control de Pragas, Nivel 2, Modulo ou Unidade competencial UC0079_2 aplicar medios e produtos para o control de pragas (carnet de aplicador de plaguicidas, nivel cualificado) - ,

emítese o seguinte informe:

En escrito remitido a RR.HH. co núm. 200180408/2020 e posterior, púxose de manifesto que os oficiais desinfectores para desenvolver o seu traballo deben posuír:

“Un título de formación profesional, curso de especialización de formación profesional previsto en el Real Decreto 1538/2006, de 15 de diciembre, o dun certificado de profesionalidad que acrediten as unidades de competencia correspondentes á cualificación profesional “SEA028_2 Servizos para o Control de Pragas, Nivel 2, Modulo ou Unidade competencial UC0079_2 aplicar medios e produtos para o control de pragas”, ou titulación equivalente.”

Esta obriga fundaméntase nos seguintes motivos:

1.- Os Oficiais Desinfectores do Servizo Municipal de Control de Pragas desenvolven, fundamentalmente, tarefas de DESINFECCIÓN, DESINSECTACIÓN E DESRATIZACIÓN para o control das prgas nos bens mobles e inmobles de uso e servizo público co obxecto de garantir a salubridade pública e para o que utilizan os correspondentes produtos biocidas.

2.- O Real Decreto 830/2010, de 25 de xuño, polo que se establece a normativa reguladora da capacitación para realizar tratamentos con biocidas (BOE núm 170, de 14 de xullo de 2010) ten por obxecto a protección da saúde mediante o establecemento de criterios que permitan garantir uns niveis mínimos de capacitación ás persoas que desenvolven actividades laborais relacionadas con a aplicación de produtos biocidas.

No concepto de biocidas establecido no artigo 1 do citado Rd inclúense aqueles produtos DESINFECTANTES, desinfección en vida privada e saúde pública, hixiene veterinaria e en contacto con alimentos e pensos; CONSERVANTES, protectores de madeiras e líquidos; PRAGUICIDAS nos que se inclúen os rodenticidas, insecticidas/acaricidas, repelentes e atraíntes.

O artigo 3 deste Real Decreto 830/2010 di que “estarán capacitadas para realizar actividades laborais relacionadas coa aplicación de biocidas aquelas persoas que acrediten ter superado unha formación en dito ámbito, de acordo co establecido no artigo 4”.

O citado artigo 4 sinala que:

“La capacitación para la aplicación de biocidas, o para realizar diagnósticos de situación, planificar y evaluar riesgos, supervisar tratamientos y definir medidas a adoptar, y asegurar el cumplimiento de las obligaciones de carácter técnico de los tratamientos con los distintos tipos de biocidas, podrá acreditarse de la siguiente forma:

a) Para los TP 2, 3, 4, 11, 14, 18 y 19:



Concello de Vigo

1º. Por la posesión de un título de formación profesional, curso de especialización de formación profesional previsto en el Real Decreto 1538/2006, de 15 de diciembre, o de un certificado de profesionalidad que acrediten las unidades de competencia correspondientes a la cualificación profesional Servicios para el control de plagas (nivel2), incluida en el Catálogo Nacional de Cualificaciones Profesionales a través del Real Decreto 295/2004 de 20 de febrero, por el que se establecen determinadas cualificaciones profesionales que se incluyen en el Catálogo nacional de cualificaciones profesionales, así como sus correspondientes módulos formativos que se incorporan al Catálogo modular de formación profesional, anexo XXVIII, cuando se trate de personal que aplica biocidas de los tipos 2, 3, 4, 14, 18 y 19 (salvo los TP2 utilizados en el control de legionella (clave 100 del Registro Oficial de Biocidas).

2º. Por la posesión de un título de formación profesional, curso de especialización de formación profesional a los que se refiere el apartado anterior, o de un certificado de profesionalidad que acrediten las unidades de competencia correspondientes a la cualificación profesional Gestión de servicios para el control de organismos nocivos (nivel3) incluida en el Catálogo Nacional de Cualificaciones Profesionales a través del Real Decreto 814/2007, de 22 de junio, por el que se complementa el Catálogo Nacional de Cualificaciones Profesionales, mediante el establecimiento de dos cualificaciones profesionales correspondientes a la Familia Profesional Seguridad y Medio Ambiente, cuando se trate de personal que realiza diagnósticos de situación, planifica y evalúa tratamientos, supervisa riesgos y define medidas a adoptar, y asegura el cumplimiento de las obligaciones de carácter técnico de los tratamientos con biocidas de los tipos 2, 3, 4, 11, 14, 18 y 19.

En la obtención del certificado de profesionalidad referido en los apartados 1º y 2º, se estará a lo dispuesto por el artículo 8.1 del Real Decreto 34/2008, de 18 de enero, por el que se regulan los certificados de profesionalidad, sobre vías para la obtención de los certificados de profesionalidad, y por el Real Decreto 1224/2009, de 17 de julio, de reconocimiento de las competencias profesionales adquiridas por experiencia laboral.

(...)"

3.- Pola súa banda, o citado Real Decreto 830/2010, de 25 de xuño, na Disposición transitoria primeira, sobre a Validez dos carnés vixentes no momento de aprobarse o citado Real Decreto, di:

2. En el ámbito de los biocidas de los tipos 2, 3, 4, 14, 18 y 19, se concede un plazo de 6 años durante los cuales se prorrogará la validez de los carnés, niveles básico y cualificado hasta el momento homologados para uso ambiental y en la industria alimentaria a contar desde el día siguiente de la publicación de este real decreto.

2. Para continuar ejerciendo su actividad una vez finalizado este periodo transitorio, los trabajadores que actualmente cuentan con los carnés básico o cualificado de control de plagas, deberán cumplir con las condiciones que establezca la legislación que, en desarrollo del Real Decreto 34/2008, de 18 de enero, promulgue el Ministerio de Trabajo e Inmigración, relativa a la obtención de los Certificados de Profesionalidad correspondientes a las Cualificaciones Profesionales de nivel 2 (Servicios para el control de plagas), y nivel 3 (Gestión de servicios para el control de organismos nocivos). En todo caso, deberán haber realizado los cursos correspondientes a los niveles especiales para la aplicación de biocidas

clasificados como muy tóxicos, y biocidas que sean o generen gases, cuyos programas aparecen en el anexo II de este real decreto.

4.- A Orde de 29 de xuño de 2016, pola que se prorroga o prazo de validez dos carnés de biocidas (DOG 11/07/2016) establece:

“Artigo único Prórroga da validez dos carnés de biocidas.

De conformidade co establecido no apartado 3.a) da disposición transitoria primeira, validez dos carnés actuais, del Real decreto 830/2010, de 25 de xuño, polo que se establece a normativa reguladora da capacitación para realizar tratamentos con biocidas (BOE núm. 170, de 14 de xullo), no ámbito dos biocidas dos tipos 2, 3, 4, 14,18 e 19, prorrógase ata o 15 de xullo de 2020 a validez dos actuais carnés, niveis básico e cualificado, ata o momento homologados para uso ambiental e na industria alimentaria.

Polo exposto, a día de hoxe a aplicación de biocidas esixe a capacitación do Rd 34/2008, de 18 de xaneiro, e da normativa que a desenvolve. Neste sentido, o Rd estatal 295/2004, de 20 de febreiro, establece no seu Anexo XXVIII a cualificación profesional de Servizos para o Control de Pragas (Nivel 2, Código SEA028-2), Modulo u Unidade competencial UC0079_2 aplicar medios e produtos para o control de pragas, que se inclúen no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais; e o Rd 1536/2011, de 31 de outubro, que establece, entre outros, o Certificado de Profesionalidade de Servizos para o Control de Pragas (Nivel 2), que se inclúe no Repertorio Nacional de Certificados Profesionais.

A xuízo do que subscribe, esixir a citada capacitación para a contratación dun oficial desinfector ningunha vulneración produce sobre o acceso a función pública xa que é un requisito establecido legalmente para poder realizar as labores de desinfector.

De non establecerse a esixencia da mencionada titulación chegaríamos ao absurdo administrativo de contratar a unha persoa para unha tarefa –desinfector- que non podería desenvolver o seu traballo o non poder utilizar os produtos biocidas.”

A mais absoluta conformidade co informe emitido, o cal afirma o evidente, sendo un requisito establecido legalmente, sin o cal os traballadores non poden desenvolver as súas funcións, non queda outra que a súa esixencia. A Administración debe procurar a existencia dos postos que lle sexan necesarios para o correcto funcionamento da mesma e para satisfacer os servizos públicos. Por outra banda, debe poder esixir aos empregados públicos o desenvolvemento das funcións que lle corresponden, e os traballadores deben de ter a capacidade e aptitude para o cumprimento das súas funcións que lle son propias. En atención ao exposto procede a desestimación do recurso por este motivo.

Terceiro.- Alega que as bases limitan a participación como vogais do órgano de selección a “funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo do Concello de Vigo ou do seu Organismo Autónomo” polo que solicitamos a modificación deste punto dando a posibilidade de formar parte deste órgano de selección a persoal doutras administracións en aras de garantir a transparencia e axilidade do proceso.



Concello de Vigo

Nos remitimos na súa integridade ao manifestado no punto primeiro do fundamento xurídico III de este informe. Afirmar que a colaboración de persoal de outras administracións proporciona mais axilidade, supón un perfecto descoñecemento da realidade da tramitación de este tipo de expedientes, xa que logo é xustamente o contrario. Solicitar colaboración de persoal de outras administracións non é fácil, primeiro porque non moitas persoas se ofrecen voluntarias para formar parte dun órgano de selección pola responsabilidade que leva consigo, ao que hai que engadir que solicitar esa colaboración implica a tramitación dun expediente con carácter previo a designación o órgano de selección, solicitando a colaboración a cada unha das administracións correspondentes, agardar a resposta co persoal voluntario para formar parte do órgano de selección e acreditación dos requisitos dos empregados públicos propostos.

Non obstante, e a pesar de elo, a colaboración de persoal de outras administracións é habitual nos procesos selectivos derivados de oferta de emprego, pero neste caso, considerando que estamos ante un proceso selectivo para a formación dunha bolsa, de carácter urgente, no que o proceso de selección é a valoración dos méritos aportados polos aspirantes, non estimouse necesario recorrer a colaboración de outras administracións, non supoñendo elo en absoluto menor transparencia do proceso selectivo.

En atención a todo o exposto, visto o Recurso interposto e de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Común das Administracións Públicas, e vistas as competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Desestimar de conformidade cos informes emitidos no expediente, e pola motivación legal exposta, o recurso interposto pola representación da sección sindical da CIG contra o acordo de Xunta de Goberno Local de data 13/01/2022, polo que se aproban as bases reitoras do proceso selectivo para a formación dunha Bolsa de emprego que permita os nomeamentos interinos como oficiais desinfectores (BOP nº 26, 08/02/2022).

Segundo.- Notifíquese o presente acordo ao recorrente, significándolle que contra o mesmo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados desde o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(144).- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE RECURSO DE ALZADA CONTRA ACORDO DO ÓRGANO DE SELECCIÓN DO PROCESO SELECTIVO PARA

CUBRIR 5 PRAZAS DE SARXENTO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS POR PROMOCIÓN INTERNA (OEP 2017-18-19). EXPTE 39167/220.

Dáse conta do informe-proposta de data 18/02/2022, asinado pola secretaria e polo presidente do Órgano de Selección, que di o seguinte:

D. Carlos Castro Mera, o día 5/01/2022 (Cód.W642064-8788), presenta recurso de alzada fronte ao proceder do tribunal cualificador do proceso selectivo, no desenvolvemento do terceiro exercicio da oposición“ probas psicotécnicas”

1) ANTECEDENTES DE FEITO:

PRIMEIRO- A Xunta de Goberno Local na sesión de data 12 de marzo de 2020 aprobou a convocatoria dos procesos selectivos destinados á execución das Ofertas de Emprego Público do Concello de Vigo 2017 2018 e 2019 e, así mesmo, aprobou as bases reitoras dos procesos selectivos destinados á execución das citadas ofertas de emprego público.

Dentro do obxecto desta convocatoria está a cobertura de 5 prazas de sarxento de extinción de incendios enmarcadas no grupo C1 de titulación; escala administración especial; subescala, servizos especiais; clase, extinción de incendios; categoría, sarxento, reservadas para promoción interna entre funcionarios de carreira do grupo C2 e a cubrir mediante concurso-oposición.

SEGUNDO- Na data 9 de setembro de 2021 realizouse no Complexo Deportivo As Travesas de Vigo o primeiro exercicio da oposición consistente en contestar por escrito, un cuestionario tipo test elaborado polo tribunal inmediatamente antes do inicio do exercicio, de 50 preguntas e 8 de reserva, con catro respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias que integran os programas das bases específicas, e fixando o tempo para a súa realización en 90 minutos, e do conformidade co disposto no numero VI das bases específicas.

Na mesma data se publicaron os resultados deste exercicio así como a plantilla de respostas, outorgando un prazo de tres días hábiles para a presentación de reclamacións. As alegacións presentadas foron resoltas polo órgano de selección por acordo de data 23 de setembro 2021 publicado o 30 de setembro 2021.

TERCEIRO - Na data 5 de outubro de 2021, realizouse na aula nº 7 situada na 5ª planta do auditorio Mar de Vigo situado na avenida de Beiramar nº 59, o segundo exercicio da oposición, teórico-practico, consistente en desenvolver un suposto teórico-practico proposto polo órgano de selección e relacionado coas funcións propias asignadas ó posto e que teña relación co temario específico da convocatoria, de conformidade co disposto no numero IV das bases específicas.

Na data 7 de outubro de 2021 procedese a lectura dos exercicios, e na data 18 de outubro de 2021 o órgano de selección emite as puntuacións que foron publicadas na mesma data, outorgando un prazo de tres días hábiles para a presentación de reclamacións. As



Concello de Vigo

reclamacións presentadas foron resoltas polo órgano de selección por acordo de data 8 de novembro de 2021 e publicado o 12 de novembro de 2021.

CUARTO.-Na data 22 de novembro de 2021, realizouse na aula nº 7 situada na 5º planta do auditorio de Mar de Vigo situado na avenida de Beiramar nº 59, o terceiro exercicio da oposición, proba psicotécnica, consistente en 5 probas para valorar a capacidade e aptitude en distintos ámbitos, e a continuación unha proba para valorar a personalidade. O Sr. Ortuño, asesor especialista nomeado para a realización e valoración deste exercicio, explica aos aspirantes o contido das probas, a documentación que lles vai a entregar e a duración das mesmas.

QUINTO.-Na data 26 de novembro de 2021, na sala de reunións situada na planta terceira do edificio do Concello, realizouse a entrevista individual a fin de completar as probas psicotécnicas.

SEXTO.- Na data 1 de decembro de 2021 o órgano de selección se da por enterado do informe emitido polos asesores especializados co resultado das probas realizadas, procedendo a súa publicación.

SEPTIMO.-Na data 3 de decembro de 2021 D. Carlos Castro Mera solicita a remisión de documentación relativa as probas psicotécnicas, manifestando non estar de acordo coa cualificación de non apto; solicitase informe ao asesor especializado, o cal foi remitido ao solicitante na data 22 de decembro de 2021.

2) NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Constitución Española de 6 de decembro de 1978.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime xurídico das administracións publicas.
- Bases reitoras dos procesos selectivos destinados á execución das Ofertas de EMPREGO Público do concello de Vigo 2017, 2018, e 2019 publicadas no Boletín oficial da Provincia de Pontevedra núm. 128 do 7 de xullo de 2020 e a rectificación de erros publicada no BOPP 206 de 26 de outubro de 2020.

3) CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.-O artigo 121 da Lei 39/2015 regula o recurso de alzada dispoñendo que:

“ 1. Las resoluciones y actos a que se refiere el artículo 112.1, cuando no pongan fin a la vía administrativa, podrán ser recurridos en alzada ante el órgano superior jerárquico del que los dictó. A estos efectos, los Tribunales y órganos de selección del personal al servicio de las Administraciones Públicas y cualesquiera otros que, en el seno de éstas, actúen con

autonomía funcional, se considerarán dependientes del órgano al que estén adscritos o, en su defecto, del que haya nombrado al presidente de los mismos.

2. El recurso podrá interponerse ante el órgano que dictó el acto que se impugna o ante el competente para resolverlo.

Si el recurso se hubiera interpuesto ante el órgano que dictó el acto impugnado, éste deberá remitirlo al competente en el plazo de diez días, con su informe y con una copia completa y ordenada del expediente.

El titular del órgano que dictó el acto recurrido será responsable directo del cumplimiento de lo previsto en el párrafo anterior.”

SEGUNDA- A base décimo sétima das xerais dispón que contra a desestimación das reclamacións resoltas polo órgano de selección poderase interpoñer recurso de alzada ante o órgano que designou ao órgano de selección (Xunta de Goberno Local) no prazo dun mes contado a partir do seguinte ao da súa notificación ou publicación.

TERCEIRA - Os recursos se presentan por quen ten a condición de interesados no procedemento e dentro do prazo legalmente establecido (Base décimo sétima das xerais da convocatoria).

CUARTA- Consonte ao disposto na base 8.1 das xerais da convocatoria corresponde a Secretaria formular a Xunta de Goberno a proposta de resolución dos recursos de alzada presentados contra as decisións dos órganos de selección.

CONTIDO DO RECURSO PRESENTADO: O recurso se basea nas seguintes alegacións:

O recorrente manifesta que formula recurso de alzada contra o proceder do tribunal no que respecta ao **desenvolvemento** do terceiro exercicio da fase de oposición, á **negativa a facilitarlle os documentos solicitados, á ausencia de criterios** de valoración así como á **resolución de declaración de non apto**

Engade que na base decima das xerais “ os criterios para a súa avaliación , deberán **ser fixados polo órgano de selección e comunicados aos aspirantes** antes de iniciar o exame e constar na correspondente acta.

Manifesta que este terceiro exercicio encontrase regulado nas bases xerais e específicas da Convocatoria e que os aspirantes descoñecen os criterios do Tribunal para a valoración desta proba e ademais e pese a que se lles asigna un número non é **unha proba anónima** por ir acompañada dunha entrevista na que cada candidato estaba identificado.

Que o día 1 de decembro se fai público o resultado do terceiro exercicio resultando ser o recorrente o único candidato que figura como non apto.



Concello de Vigo

Que en escrito de data 3 de decembro manifesta o seu desacordo con dita valoración, considerando que lle negan aptitudes e capacidades para funcións que ven desenvolvendo no concello de Narón.

Así mesmo solicita a seguinte documentación:

“•Los criterios de valoración por los cuales se me declara NON APTO.

•Informe técnico en el que el tribunal se apoya para fundamentar la decisión de declararme NON APTO.

•Copia de las plantillas sobre mis ejercicios psicotécnicos realizados el lunes 22/11/2021, donde se determinen los fallos así como el baremo de medida o puntuación.

•Copia del acta de valoración sobre mi entrevista personal realizada el 26/11/2021, donde se determine la valoración realizada por ambos técnicos.

•Copia de las plantillas sobre los ejercicios psicotécnicos del resto de candidatos.

•Copia de las actas de valoración sobre la entrevista personal al resto de los candidatos.

•Copia del acta del tribunal donde se recoja la decisión tomada así como la motivación correspondiente. ““

Na citada data, solicita a paralización do proceso o en su defecto a ampliación do prazo de recurso, mentres non reciba a documentación solicitada, atendendo ao seu estado de indefensión no que se encontra, por non saber a causa motivo do “non apto”

Di: “Que en la respuesta del tribunal no solo se le niega todo lo solicitado sino que se me dice sin acreditar, ni especificar- que en las pruebas de aptitudes los resultados obtenidos no alcanzan los valores prefijados en al menos 4 de los 6 componentes definidos, LO QUE ES NO DECIR NADA. -Para luego, tratarme como a un escolar diciendo :“que con el necesario trabajo y esfuerzo intelectual se podrían alcanzar niveles y resultados superiores a medio – largo plazo–“ no siendo el dicente, un niño/adolescente para “DAR SEMEJANTE CONSEJO”, todos los opositores somos adultos profesionales con un alto grado de formación y experiencia y en mi caso, incluso he superado varios procesos selectivos, lo que hace de la prueba psicotécnica – entrevista-un montaje para seleccionar a quienes interesa- lo que es ajeno a los principios de mérito y capacidad. Que esta actuación del tribunal es contraria a derecho y falta de transparencia, por los motivos que luego abundaré, por lo que impetro su anulación.”

Solicita a anulación do terceiro exercicio, xa que os criterios de valoración deben ser anteriores a realización do exercicio e senón hai criterios se vulnera a obriga de motivar a cualificación outorgada, e se ordene a repetición do terceiro exercicio.

Denuncia a falta absoluta de criterios de valoración e se nega o contido das razóns da avaliación

Solicita se lle recoñeza o dereito a que se lle facilite e entregue a documentación relativa ao terceiro exercicio

ACTUACIONES REALIZADAS POLO ÓRGANO DE SELECCIÓN ANTE O RECURSO DE ALZADA PRESENTADO.

CONVOCATORIA SESIÓN ÓRGANO DE SELECCIÓN NA DATA 18 XANEIRO DE 2022

O órgano de selección á vista do recurso de alzada presentado polo Sr. Castro Mera celebrou sesión na data 18 de xaneiro de 2021 para proceder ao estudio do mesmo, participando telematicamente o Sr. Ortuño, psicólogo colexiado nº 1965, asesor especialista para a realización das probas psicotécnicas.

Ante as preguntas formuladas polo presidente do órgano de selección, o Sr. Ortuño explica o contido do informe emitido na data 15 de decembro de 2021, en relación coas alegacións presentadas polo Sr. Castro Mera, e a solicitude de documentación formulada

Engade que a corrección das probas realizou de conformidade co disposto nas bases específicas do concurso-oposición e os criterios fixados polo órgano de selección na sesión de data 15 de novembro de 2021. Reitera que o Sr. Castro na proba de aptitudes os resultados obtidos non alcanzan os valores prefixados en al menos 4 dos 6 compoñentes definidos, polo que o resultado da avaliación, seguindo o contido das bases e os niveis mínimos a alcanzar acordados previamente co tribunal, so pode ser non apto. En relación coa documentación, informa que o solicitante ten dereito a copia das plantillas de respostas e a o informe gráfico que se obtén da propia aplicación informática; en relación coas plantillas de respostas do resto de candidatos non se lle poden entregar por ser datos protexidos, necesitando a autorización dos interesados.

A vista do exposto, o órgano de selección acorda convocar ao Sr. Castro Mera a unha entrevista para revisión da cualificación de non apto e entrega da documentación relativa a súa proba, o mércores 26 de xaneiro de 2022 as 17,30 horas no edificio do Concello.

Con data 23 de xaneiro de 2022, D. Carlos Castro Mera comunica que por motivos laborais non pode acudir a entrevista solicitando a remisión da documentación solicitada.

A vista do mencionado escrito se lle require na data 31 de xaneiro de 2022, a que autorice aos psicólogos que interviñeron como asesores especializados no proceso selectivo a entrega da documentación relativa a súa proba aos membros do órgano de selección, para a súa posterior remisión ao solicitante, sen que até a data se recibise a citada autorización.

ACORDO DO ÓRGANO DE SELECCIÓN

O órgano de selección adopta por unanimidade, o acordo de desestimar o recurso de alzada interposto, excepto no relativo a remisión da documentación propia, previa autorización expresa do recorrente, e remitir a Xunta de Goberno Local o corresponde informe proposta, en base as seguintes consideracións:



Concello de Vigo

a) En relación co **desenvolvemento do terceiro exercicio da oposición**, probas psicotécnicas, sinalarse en primeiro lugar que a regulación e os criterios de avaliación desta proba non se regulan pola base décima das Xerais coma indica erroneamente o alegante, debendo considerarse a regulación que se contén nas bases específicas (base VI) sobre o contido da probas psicotécnicas, terceiro exercicio da oposición, obrigatorio e eliminatorio, para cubrir en propiedade 5 prazas de sarxento de extinción de incendios, polo sistema de concurso-oposición, reservadas para promoción interna.

Nas mesmas se di que estarán dirixidas a determinar as actitudes e aptitudes persoais dos aspirantes e a súa adecuación á función do posto que se vai desempeñar ,comprobando que presentan un perfil psicolóxico axeitado.

Serán efectuadas e valoradas por persoal especialista. Consistiran na aplicación dunha proba de aptitudes e de personalidade segundo o Anexo I das bases específicas, que medirá a capacidade intelectual dos aspirantes para actuar eficazmente, a avaliación do potencial dos candidatos/as para o desenvolvemento exitoso das funcións a desempeñar así como a aplicación de probas de personalidade destinadas a medir os aspectos efectivos e volitivos que permitan unha apreciación global da personalidade das e dos aspirantes. Cualificarase como apto/non apto.

- 1) Proba de Aptitudes. Realizarase unha valoración do nivel intelectual e doutras aptitudes específicas, explorando todos ou varios dos aspectos seguintes: intelixencia xeral, comprensión e fluidez verbal, comprensión de ordes, razoamento cognitivo, atención discriminativa e resistencia á fatiga intelectual.
- 2) Probas de Personalidade. As probas de personalidade orientarase a avaliar os rasgos da personalidade mais significativos e relevantes para o desempeño da función do posto de sarxento do servizo de extinción de incendios, así como o grao de adaptación persoal e social dos aspirantes. Así mesmo debe descartarse a existencia de síntomas ou trastornos psicopatolóxicos e/ou de personalidade. Exploraranse os aspectos que a continuación se relacionan: estabilidade emocional, autoconfianza, capacidade empática e interese por los demais, habilidades interpersoais , control axeitado de impulsividade, axuste persoal e social, capacidade de adaptación a normas, capacidade de afrontamento da tensión e motivación propias do posto de traballo .

Os resultados obtidos nas probas deberán ser obxecto de contraste mediante a realización dunha proba individual, que consistira na contestación a un cuestionario, formulado verbalmente. Deste modo, a parte das características de personalidade sinaladas anteriormente, exploraranse, ademais, os seguintes aspectos: existencia de niveis disfuncionais de tensión ou de trastornos do estado de animo; problemas de saúde; consumo excesivo ou risco de alcohol ou outros tóxicos e grao de medicación; expectativas respecto dun servizo de emerxencia.

E no anexo I das citadas bases: define o perfil psicolóxico que debe reunir o persoal do servizo, sinalando así mesmo os factores a considerar na súa avaliación:

ANEXO I PERFIL PSICOLÓXICO PARA O EXAME PSICOTÉCNICO

Tendo en conta as funcións que debe realizar o servizo de Extinción de Incendios, os test irán dirixidos a excluír os aspirantes con anomalías respecto ao perfil psicolóxico que debe reunir o persoal do servizo, e que se traduce nas seguintes:

Aptitudes mentais:

- *Razoamento verbal*
- *Razoamento abstracto*
- *Razoamento mecánico*
- *Razoamento espacial*
- *Atención e resistencia a fatiga*
- *Intelixencia xeral*

Personalidade

- *Autocontrol dos impulsos e emocións*
- *Serenidade*
- *Estabilidade emocional*
- *Sentido da disciplina e da autoridade*
- *Desenvolvemento de condutas cooperativas*
- *Capacidade de integración no grupo*
- *Capacidade empática e de manexo da relación interpersoal*
- *Capacidade a automotivación*
- *Seguridade en si mesmo. - Firmeza persoal*
- *Capacidade práctica e realista*
- *Sentido da iniciativa*
- *Neutralidade efectiva no exercicio profesional*

Características do test actitudinal: Para a avaliación das probas actitudinais son factores preferentes a ter en conta, de acordo co orde de importancia que se expresa a continuación:

- 1.Autocontrol. 2.Serenidade. 3.Estabilidade emocional. 4.Capacidade empática e manexo das relacións interpersoais. 5. -Sentido da disciplina e autoridade. 6. Desenvolvemento de condutas corporativas e capacidade de integración. 7. -eguridade e firmeza persoal. 8. -Sentido da iniciativa. 9. - Neutralidade profesional. 10. Calquera outros de análoga significación aos anteriormente referidos.*

A cualificación desta proba será de apto ou non apto, debendo superar como mínimo o aspirante, no caso dos factores aptitudinais, 4 dos 6 factores a medir, debendo superar en todos os casos o factor de intelixencia xeral.

O órgano de selección co apoio e asistencia de asesor especializado (con titulación universitaria superior que acredite a especialidade académica en psicoloxía clínica, fixará uns criterios mínimos antes da realización dos exercicios tanto intelectuais como de personalidade que de non ser alcanzados excluirán o/a candidato, debendo figurar os mesmos na correspondente acta, así como o correspondente informe do especialista indicado.



Concello de Vigo

Unha vez analizadas as bases específicas pode informarse que as probas psicotécnicas celebradas nas datas 22 (test psicotécnicos) e 26 de novembro de 2021 (entrevista persoal) se desenvolveron con estrita suxeición ao disposto no número VI das bases específicas “exercicios da oposición” e o anexo I “perfil psicolóxico para o exame psicotécnico”.

b) En relación coa **negativa a facilitarlle os documentos solicitados**, non é correcta a alegación formulada polo recorrente manifestando que se lle nega a entrega da documentación solicitada, xa que foi informado que a documentación que forma parte das probas psicotécnicas polo o seu especial carácter, é confidencial, sen que poida ser entregada a terceiros sen a autorización expresa dos interesados tal e como figura no código deontolóxico do colexio de psicólogos: artigos 19, 39 e 40.

Artigo 19º Todo tipo de material estritamente psicolóxico, tanto de avaliación canto de intervención ou tratamento, queda reservado ó uso dos/as Psicólogos/as, quen por outra parte se absterán de facilitalos a outras persoas non competentes. Os/as Psicólogos/as xestionarán ou no seu caso garantirán a debida custodia dos documentos psicolóxico

Artigo 39º No exercicio da súa profesión, o/a Psicólogo/a mostrará un respecto escrupuloso do dereito á propia intimidade do seu cliente. Unicamente procurará a información estritamente necesaria para o desempeño das tarefas para as que foi requirido, e sempre coa autorización do cliente.

Artigo 40º Toda a información que o/a Psicólogo/a recolle no exercicio da súa profesión, sexa en manifestacións verbais expresas dos seus clientes, sexa en datos psicotécnicos ou noutras observacións profesionais practicadas, está suxeita a un deber e a un dereito de segredo profesional, do que só podería ser polo consentimento expreso do cliente. O/a Psicólogo/a velará porque os seus eventuais colaboradores se atean a este segredo profesional

No informe remitido ao recorrente na data 22 de decembro de 2021 emitido polos psicólogos Sr. Ortuño e Sra Peláez, asesores especializados no proceso selectivo en cumprimento dos disposto na cláusula VI das bases específicas “as probas psicotécnicas serán efectuadas e valoradas por persoal especialista”, se analiza cada un dos documentos solicitados polo mesmo:

Os criterios de valoración polos cales se lle declara NON APTO:

Son os criterios expostos nas bases, e están complementados polos acordos do tribunal previos as probas

Informe técnico no que o tribunal se apoia para fundamentar a decisión de declaralo NON APTO:

O tribunal o que recibe dos asesores para as probas psicométricas e o apto/non apto, fundamentado nos criterios de superación establecidos previamente; non se transmiten mais datos a non ser que existan reclamacións o alegacións co obxectivo de protexer a privacidade dos aspirantes

Copia das plantillas sobre os seus exercicios psicotécnicos realizados o luns 22/11/2021, onde se determinen os fallos así como o baremo de medida o puntuación:

Sobre a folla que contén as respostas dadas polo aspirante as probas das capacidades que entendemos que é o que necesita xa que fala de “ fallos “ pódese facilitarlle unha copia se

desexa que outro especialista evalúe o interprete os resultados. Hai que sinalar que a corrección dos exercicios non é manual nin particular, senón que se executa a través da aplicación de Tea – corrección, o que supón que os resultados de volver a corrixir mediante o sistema que a propia proba establece, con toda seguridade serán os mesmos.

Copia da acta de valoración sobre a súa entrevista persoal realizada o 26/11/2021, onde se determine a valoración realizada por ambos técnicos.

A entrevista persoal non precisa acta de valoración, senón dun informe que é tanto máis extenso cantas máis dificultades o dúbidas provoque o entrevistado. Pero no caso do sr. Castro Mera a entrevista foi correcta, sen presentar ningún tipo de alteración da personalidade nin outras características que puideran descualificarlle de ningunha forma.

Copia das plantillas sobre os exercicios psicotécnicos do resto de candidatos.

Os resultados dos outros candidatos están protexidos especialmente. Os resultados das probas psicométricas solo poden comunicarse ao propio suxeito que as realiza. É unha petición que non pode cumprirse sen incumprir a lei e o código deontolóxico da profesión

Copia das actas de valoración sobre a entrevista persoal ao resto dos candidatos.

Os resultados dos outros candidatos están protexidos especialmente. Os resultados das probas psicométricas solo poden comunicarse ao propio suxeito que as realiza. É unha petición que non pode cumprirse sen incumprir a lei e o código deontolóxico da profesión

Copia da acta do tribunal onde se recolla a decisión tomada así como a motivación correspondente.”

Esta acta corresponde remitila ao Concello.

(aclárase que foi remitida ao alegante na data 22 de decembro de 2021)

Polo exposto, non se negou ao recorrente a entrega da documentación solicitada, senón que a normativa de aplicación aos procesos de avaliación psicolóxica non permiten a entrega desta documentación salvo que se trate dos da persoa que os realiza previa autorización expresa da mesma.

No caso da documentación das probas do recorrente, xa foi solicitada polo órgano de selección aos asesores especializados, estando pendente dunha autorización emitida polo sr. Castro Mera, para que poida ser entregada ao órgano de selección e este remitila ao recorrente.

(achegase o informe dos asesores especialista psicólogos colexiados nº G 1965 e nº G 1519 así como requirimento de autorización)

c) En canto a **ausencia de criterios de valoración:**

Tanto o apartado VI como o anexo I das bases específicas explicitan o perfil psicolóxico que debe reunir o persoal deste posto concreto, xa que a proba está dirixida a excluír aos aspirantes con anomalías respecto ao dito perfil requirido.



Concello de Vigo

Dito anexo I sinala tamén os factores preferentes, en orde de importancia, a ter en conta, nas probas actitudinais. Así mesmo, sinala que a cualificación da proba psicotécnica será a de apto ou non apto, debendo superar como mínimo nos factores aptitudinais 4 dos 6 factores, e debendo superar en todos os casos o factor de intelixencia xeral.

De conformidade co disposto nas mencionadas bases, o órgano de selección celebra sesión na data 15 de novembro de 2021 na que mantén unha reunión telemática co asesor especialista Sr. Ortuño, psicólogo colexiado nº G 1965, designado polo servizo de Recursos Humanos para dar cumprimento ao disposto no anexo I das bases específicas que rexen o concurso oposición, que establece que: o órgano de selección co apoio e asistencia obrigatoria de asesor especializado fixará uns criterios mínimos antes da realización dos exercicios tanto intelectuais como de personalidade que de non ser alcanzados excluirán ao candidato, debendo figurar os mesmos na correspondente acta, así como o correspondente informe do especialista indicado.

Na citada sesión, o Sr. Ortuño expón o perfil a avaliar de conformidade co disposto no anexo I das bases específicas e a continuación expón os tipos de probas e baremos a empregar :

“As probas aptitudinais consistirán na aplicación dunha batería de Aptitudes de recoñecido prestixio e valor técnico. Para a superación de cada un dos factores sinalados, o suxeito terá que alcanzar unha puntuación centil de 40, ao menos en el factor de Intelixencia General e en outros 3 máis.

As probas de actitude (personalidade) se medirán a través dun test que en sus normas de interpretación e corrección establece dous elementos básicos:

Puntuacións “S” (puntuacións típicas). A maioría da poboación (un 68%) se encontrará entre os valores 30 e 70, polo que se debe prestar atención a aqueles valores que sobrepasen estes límites para su contraste na proba verbal.

Para ser considerado APTO, os candidatos deberán ter valores “S” iguais o superiores a 30, polo menos nos cinco primeiros factores preferentes citados nas bases.

Adicionalmente, merecen especial atención as escalas de Sinceridade e Deseabilidade Social.

A Sinceridade se refire a expresión libre de finximento, veraz, sinxela y sincera. Considérase que os suxeitos que obteñan en Sinceridade unha puntuación S por debaixo de 30 deben ser cualificados de NON - APTOS.

A Deseabilidade Social fai referencia á sobrevaloración que fai o suxeito de si mesmo e a súa preocupación por dar unha boa impresión. Considérase que os suxeitos que obteñan unha puntuación S en Deseabilidade Social por encima de 75 deben ser cualificados de NON - APTOS.

Así mesmo levarán a cabo Entrevistas Conductuais Estruturadas (ECE) na que se explorarán os aspectos relacionados e ponderados nas bases. A ECE ten entre as súas características:-Mantén un alto grao de validez predictiva en relación a outros tipos de entrevista.-As preguntas que se van a realizar na entrevista conlevar unha resposta concreta, é dicir, evítase información non relevante, e búscanse datos eficaces cos que predicir a posible conduta do candidato no que sería o posto de traballo a cubrir.

Teñen como requisito que se deben realizar as mesmas preguntas a todos os candidatos, aínda que se utiliza un abanico de formulacións diferentes para explorar a competencia de que se trate.”

Os membros do órgano de selección despois de formular algunhas preguntas aclaratorias ao Sr. Ortuño, acordan fixar como criterios mínimos a alcanzar os propostos polo mesmo como baremos, quedando recollidos na correspondente acta da sesión.

(Achegase a acta da sesión do órgano de selección de data 15 de novembro de 2021 e o informe emitido polo asesor especializado recollendo os criterios acordados co órgano de selección)

d) En canto á **resolución de declaración de non apto**

De conformidade co establecido nas bases específicas que rexen este proceso selectivo as probas psicotécnicas serán efectuadas e valoradas por persoal especialista.

E de conformidade co informe emitido polos asesores especialistas na data 15 de decembro de 2021, nas probas psicotécnicas que contemplan as bases hai dúas áreas de exploración: aptitudes (ou capacidades) e actitudes (elementos de personalidade)

O recorrente de acordo cos resultados dos test e coa entrevista, supera sen dificultade a proba de actitudes e personalidade.

Sen embargo na proba de aptitudes, os resultados obtidos non alcanzan os valores prefixados en al menos 4 dos 6 compoñentes definidos, polo que o resultado da avaliación seguindo o contido das bases e dos niveis mínimos a alcanzar acordados previamente polo tribunal, solo pode ser non apto.

e) En canto a que a **corrección non e anónima**, infórmase que a primeira parte das probas psicotécnicas se corrixe de xeito anónimo, considerando posteriormente o disposto nas bases específicas que din que os resultados obtidos nas probas deberán ser obxecto de contraste mediante unha proba individual, que consistira na contestación a un cuestionario, formulado verbalmente: obviamente o órgano de selección inmediatamente antes da realización das entrevistas procede a apertura do sobre custodiado polo secretaria, no que se contén as identificacións dos aspirantes as prazas e facilitan os mesmos aos asesores especialistas, xa que as entrevistas non poden ser anónimas.

Achégase a acta da sesión do órgano de selección do 26 de novembro de 2021, que recolle a apertura de sobres antes da realización das entrevistas. No anuncio publicado na web municipal o 21 de novembro de 2021 para a convocatoria das entrevistas persoais, anunciouse tamén aos opositores que se procedería á apertura en sesión pública dos sobres cos códigos, previamente á realización da entrevista.

f) En canto a **non comunicación aos aspirantes dos criterios de valoración**

O recorrente refire nas súas alegacións o recollido, na base décima das xerais “os criterios para a súa avaliación, deberán **ser fixados polo órgano de selección e comunicados aos aspirante** antes de iniciar o exame e constar na correspondente acta.

A forma de desenvolvemento e contido das probas psicotécnicas, aparece regulada na cláusula nº VI das bases específicas nas que se recolle expresamente: “O órgano de selección co apoio e asistencia de asesor especializado, fixará uns criterios mínimos antes



Concello de Vigo

da realización dos exercicios tanto intelectuais como de personalidade que de non ser alcanzados excluirán o/a candidato, debendo figurar os mesmos na correspondente acta, así como o correspondente informe do especialista indicado”.

O órgano de selección designado para este proceso selectivo en cumprimento do disposto no parágrafo anterior fixou os criterios mínimos antes da realización das probas psicotécnicas, en sesión celebrada en data 15 de novembro de 2021, e fixo figurar os mesmos na acta correspondente a dita sesión, axuntando a acta o informe do asesor especializado.

Non figura nas bases específicas a obriga de comunicar os criterios aos aspirantes; esta obriga está sinalada para o segundo exercicio no punto VI das ditas bases. A cita que fai o recorrente, a base décima das xerais é referente aos exercicios prácticos, e non as probas psicotécnicas.

Polo até aquí exposto, e en resposta as solicitudes formuladas polo recorrente:

1) Non procede a anulación do terceiro exercicio do proceso selectivo por falta de fixación previa dos criterios da avaliación, xa que como se explicou no apartado c) do presente informe, os criterios da avaliación foron acordados polo órgano de selección en sesión celebrada en data 15 de novembro de 2021, de conformidade co que informou o asesor especializado psicólogo colexiado nº 1965.

2) Non pode alegarse falta de motivación na cualificación de non apto, xa que de conformidade co informe emitido polos psicólogos na data 15 de decembro de 2021, aos que corresponde efectuar e avaliar as probas psicotécnicas de conformidade co disposto nas bases específicas, a citada cualificación ven motivada por non alcanzar o recorrente os valores prefixados como mínimos nas mencionadas bases específicas e nos criterios acordados polo órgano de selección axustados aos valores dispostos nas bases .

3) En relación coa entrega de documentación, lle será facilitada ao recorrente, como xa se lle manifestou, a documentación das probas propias, previa autorización expresa do mesmo, de conformidade co recollido no apartado b) do presente informe.

Polo exposto, de conformidade co disposto no artigo 121 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e as bases reguladoras do procedemento de selección PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte :

ACORDO:

1º Estimar en parte o recurso de alzada, presentado por D. Carlos Castro Mera na data 5 de xaneiro de 2022 contra ao proceder do tribunal cualificador do proceso selectivo, no desenvolvemento do terceiro exercicio da oposición“ probas psicotécnicas” no que se refire a entrega de documentación das probas propias previa autorización expresa do mesmo, e desestimar o demais contido do recurso, polos motivos expostos no presente informe-proposta.

2º A presente resolución pon fin á vía administrativa. Contra a mesma poden os interesados interpor recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados desa clase dos de Vigo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte a súa notificación (artigos 8.1,25.1 e 46.1 da lei 29/98 da Xurisdición Contencioso-administrativa)

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(145).- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE RECURSO DE ALZADA CONTRA A RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS CONTRA A VALORACIÓN DE MÉRITOS NO PROCESO SELECTIVO PARA CUBRIR 5 PRAZAS DE SARXENTO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS POR PROMOCIÓN INTERNA (OEP 2017-18-19). EXPTE. 36954/220.

Dáse conta do informe-proposta de data 18/02/2022, asinado pola secretaria e polo presidente do Órgano de Selección, que di o seguinte:

D. MIGUEL ANGEL CABALEIRO NOVELLE o día 20/10/2021 co código (W614402-4165) presenta recurso de alzada contra a resolución do órgano de selección as alegacións formuladas contra as valoracións do concurso de méritos.

1) ANTECEDENTES DE FEITO:

PRIMEIRO- A Xunta de Goberno Local na sesión de data 12 de marzo de 2020 aprobou a convocatoria dos procesos selectivos destinados á execución das Ofertas de Emprego Público do Concello de Vigo 2017 2018 e 2019 e, así mesmo, aprobou as bases reitoras dos procesos selectivos destinados á execución das citadas ofertas de emprego público.

Dentro do obxecto desta convocatoria está a cobertura de 5 prazas de sarxento de extinción de incendios enmarcadas no grupo C1 de titulación; escala administración especial; subescala, servizos especiais; clase, extinción de incendios; categoría, sarxento, reservadas para promoción interna entre funcionarios de carreira do grupo C2 e a cubrir mediante concurso-oposición.

SEGUNDO- O órgano de selección, na sesión de data 26 de agosto de 2021, finaliza a valoración do concurso de méritos e acorda a súa publicación na paxina Web do Concello de Vigo, que se realiza na data 27 de agosto de 2021, acordando a concesión dun prazo de 3 días hábiles para a presentación de reclamacións as citadas valoracións.

TERCEIRO – O órgano de selección nas sesións de datas 2 e 14 de setembro de 2021 adopta acordos de resolución das alegacións presentadas dentro do prazo conferido ao efecto, resolución que se publica na paxina Web municipal na data 30 de setembro de 2021, co seguinte contido, no que se refire a reclamación presentada por D. Miguel Angel Cabaleiro Novelle:

“ACORDO: En relación ca titulación aportada, o Ciclo referido ten equivalencia a un FP2 (mesmo nivel que o esixido para o ingreso), polo que no seu caso correspondería a sua



Concello de Vigo

valoración coma mérito dentro do punto 3.2 da cláusula décima. Sen embargo, a titulación non ten relación directa coas funcións do posto a que se poda adscribir a praza, polo que non procede a súa valoración”

Informando que contra o anterior acordo pode presentar recurso de alzada ante a Xunta de Goberno Local.

2) NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Constitución Española de 6 de decembro de 1978.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas.
- Bases reitoras dos procesos selectivos destinados á execución das Ofertas de EMPREGO Público do concello de Vigo 2017,2018, e 2019 publicadas no Boletín oficial da Provincia de Pontevedra núm. 128 do 7 de xullo de 2020 e a rectificación de erros publicada no BOPP 206 de 26 de outubro de 2020.

3) CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- O artigo 121 da Lei 39/2015 regula o recurso de alzada dispoñendo que:

“ 1. Las resoluciones y actos a que se refiere el artículo 112.1, cuando no pongan fin a la vía administrativa, podrán ser recurridos en alzada ante el órgano superior jerárquico del que los dictó. A estos efectos, los Tribunales y órganos de selección del personal al servicio de las Administraciones Públicas y cualesquiera otros que, en el seno de éstas, actúen con autonomía funcional, se considerarán dependientes del órgano al que estén adscritos o, en su defecto, del que haya nombrado al presidente de los mismos.

2. El recurso podrá interponerse ante el órgano que dictó el acto que se impugna o ante el competente para resolverlo.

Si el recurso se hubiera interpuesto ante el órgano que dictó el acto impugnado, éste deberá remitirlo al competente en el plazo de diez días, con su informe y con una copia completa y ordenada del expediente.

El titular del órgano que dictó el acto recurrido será responsable directo del cumplimiento de lo previsto en el párrafo anterior.”

SEGUNDA- A base décimo sétima das xerais dispón que contra a desestimación das reclamacións resoltas polo órgano de selección poderase interpoñer recurso de alzada ante o órgano que designou ao órgano de selección (Xunta de Goberno Local) no prazo dun mes contado a partir do seguinte ao da súa notificación ou publicación.

TERCEIRA - Os recursos se presentan por quen ten a condición de interesados no procedemento e dentro do prazo legalmente establecido (Base décimo sétima das xerais da convocatoria).

CUARTA- Consonte ao disposto na base 8.1 das xerais da convocatoria corresponde a Secretaria formular a Xunta de Goberno a proposta de resolución dos recursos de alzada presentados contra as decisións dos órganos de selección.

CONTIDO DO RECURSO PRESENTADO: O recurso se basea nas seguintes alegacións: No concurso de méritos non se lle valorou correctamente un título de Técnico Superior en Produción por Mecanizado, obtido conforme ao Real Decreto 2417/1994, de 16 de decembro e o Real Decreto 2428/1994, de 16 de decembro.

Ante as alegacións presentadas pola valoración en 0 puntos no concurso de méritos do citado título, na resolución das alegacións o órgano de selección ACORDA:” En relación ca titulación aportada, o Ciclo referido ten equivalencia a un FP2 (mesmo nivel que o esixido para o ingreso), polo que no seu caso correspondería a súa valoración coma mérito dentro do punto 3.2 da cláusula décima. Sen embargo, a titulación non ten relación directa coas funcións do posto a que se poda adscribir a praza, polo que non procede a súa valoración. A vista do exposto o órgano de selección acorda a desestimación das alegacións presentadas.”

Di que para o acceso ao Grupo B se esixe estar en posesión do Título de Técnico Superior e que para o acceso ao Grupo C se esixe Título de bachiller o técnico

O reclamante cumpre os requisitos establecidos no apartado 3.1 da Base Xeral Décimo Segunda, relativa ao persoal funcionario, quenda de promoción interna, ao estar en posesión de titulación (académica) superior a esixida para o acceso a praza de Sarxento de extinción de incendios do grupo C1 de titulación, polo cal se lle debe conceder 1 punto extra na súa puntuación final.

Solicita expresamente se leve a cabo a seguinte práctica probatoria consistente en que se requira a Consellería de Educación da Xunta de Galicia, en canto entidade competente, para que determine a equivalencia do título de “Técnico Superior en Produción por Mecanizado” aportado polo dicente, en relación aos grupos de clasificación dos corpos e escalas do persoal funcionario da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia; e máis concretamente si dita titulación e esixida legalmente para acceder ao subgrupo C1 o a un grupo superior. Para elo deberá remitirse copia del título aportado polo reclamante na instancia.

ACTUACIÓNS DO ÓRGANO DE SELECCIÓN:

O órgano de selección acordou aceptar a proba solicitada polo recorrente e na data 22 de decembro de 2021 solicitou informe a Concelleira de Educación co seguinte contido:

“en relación co recurso de alzada presentado por un aspirante a unha praza de sarxento de extinción de incendios do Concello de Vigo, e a proba solicitada polo mesmo, se da traslado da súa petición para informe :

O aspirante presenta un título de “Técnico Superior en Produción por Mecanizado” que considera que debe ser valorado como un título de técnico superior, que sería suficiente para o acceso a un grupo B de clasificación dos corpos e escalas do persoal funcionario da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia. (achégase copia do título aportado)



Concello de Vigo

Os requisitos para o acceso a praza, en canto a titulación son: estar en posesión do título de bacharelato Superior, FP II, ou equivalente.

Polo exposto, se solicita a emisión de informe sobre se o título aportado polo interesado é superior aos requiridos para o acceso a praza correspondente ao subgrupo C1.

E solicita: “requirir a Consellería de educación da Xunta de Galicia para que determine a equivalencia do título de “técnico superior en produción por mecanizado” en relación aos grupos de clasificación dos corpos e escalas do persoal funcionario da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, e mais concretamente se dita titulación é esixida legalmente para acceder ao subgrupo C1 o a un grupo superior”.

Na data 12 de xaneiro de 2022, se recibiu informe da Consellería de Educación co seguinte contido:

“ASUNTO: INFORME EQUIVALENCIA ESTUDOS FP

ANTECEDENTES/DOCUMENTOS:

1. A área de recursos humanos e formación do Concello de Vigo solicitou, con 22 de decembro de 2021, emisión de informe sobre a equivalencia entre o título de Técnico superior dun ciclo con currículo LOXSE e un título de FP II, para dar resposta a un recurso de alzada presentado por un aspirante a unha praza de sarxento de extinción de incendios do propio Concello.

2. A disposición adicional trixésimo primeira da Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 4:

4. El título de Técnico Especialista de la Ley 14/1970, de 4 de agosto, General de Educación y Financiamiento de la Reforma Educativa tendrá los mismos efectos académicos y profesionales que el nuevo título de Técnico Superior en la correspondiente especialidad.

3. O artigo 10 do RD 777/98 (BOE 8 de maio) polo que se desenvolven determinados aspectos da ordenación da FP no ámbito do sistema educativo establece que:

Artículo 10: Efectos académicos y profesionales del título de Técnico Especialista.

El título de Técnico Especialista en la correspondiente especialidad tiene los mismos efectos académicos y profesionales que el título de Técnico superior, tal como se indica en el anexo III, según lo preceptuado en la disposición adicional cuarta, apartado 4, de la Ley Orgánica de Ordenación General del Sistema Educativo.

CONCLUSIÓN:

Tendo en conta o anterior, o título de FP II (establecido na Lei 14/1970 co nome de **Técnico especialista**) esixido na convocatoria da oferta de emprego do Concello de Vigo é **equivalente, a todos os efectos** (académico e profesional), ao de **Técnico superior** (establecido na Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema educativo e que se mantén coa Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación e as súas sucesivas modificacións).”

ACORDO DO ÓRGANO DE SELECCIÓN:

O órgano de selección, a vista das conclusións do informe emitido pola Conselleira de Educación, no que se di que o título de FP II esixido na convocatoria da oferta de emprego do Concello de Vigo, é equivalente ao de técnico superior, acorda por unanimidade, desestimar o recurso de alzada interposto por D. Miguel Angel Cabaleiro Novelle, contra os

acordos adoptados en sesións celebradas en datas 2 e 14 de setembro de 2021 polos que se resolven as alegacións presentadas contra a valoración do concurso de méritos e publicados na paxina Web municipal na data 30 de setembro de 2021, ratificando o acordo adoptado nas mesmas en relación coa reclamación presentada polo recorrente.

Polo exposto, de conformidade co disposto no artigo 121 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e as bases reguladoras do procedemento de selección PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte :

ACORDO:

1º DESESTIMAR o recuso de alzada, presentado por D. Miguel Angel Cabaleiro Novelle na data 20 de outubro de 2021, contra os acordos do órgano de selección de datas 2 e 14 de setembro de 2021 publicados na data 27 de setembro de 2021, polos que se resolven as alegacións presentadas contra a valoración do concurso de méritos, no proceso selectivo para a provisión de 5 prazas de sarxento de extinción de incendios enmarcadas no grupo C1 de titulación, polos motivos expostos no presente informe-proposta.

3º A presente resolución pon fin á vía administrativa. Contra a mesma poden os interesados interpor recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados desa clase dos de Vigo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte a súa notificación (artigos 8.1,25.1 e 46.1 da lei 29/98 da Xurisdición Contencioso-administrativa)

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(146).- PROPOSTA DE ACORDO PARA A APROBACIÓN DE REINTEGRO DA TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO DO CONCELLO DE VIGO Á FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU 2021 MEDIANTE A SÚA COMPENSACIÓN NA TRANSFERENCIA DE FINANCIACIÓN 2022. EXPTE. 8089/104.

Visto o informe xurídico do 17/02/2022 e o informe de fiscalización do 22/02/2022, dáse conta do informe-proposta de data 14/02/2022, asinado pola técnica en Actividades Turísticas, pola concelleira de área e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

En data 08.01.2021 a Fundación Convention Bureau solicita transferencia ordinaria de financiamento do ano 2021 achegando o seguinte:

- Plan de actuación e orzamento 2021
- Certificado de aprobación do Plan de actuación e orzamento 2021
- Certificados de estar ao corrente nas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria de Galicia, do Estado e coa Seguridade Social e co Concello de Vigo.
- Certificado da conta bancaria



Concello de Vigo

Con data 18.03.2021 a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria, acordou concederlle a transferencia ordinaria de financiamento á Fundación Vigo Convention Bureau do ano 2021, por importe de 200.000€.(Expte 7813-104).

Con data 26.03.2021 emítase orden de pago correspondente ao primeiro pagamento previsto na cláusula primeira, polo importe de 100.000€, coa dedución de 31.333,76€ correspondente a cantidade non xustificada na transferencia de financiamento realizada no ano 2020

Con data 04.06.2021 a Fundación Vigo Convention Bureau, presenta na sede electrónica do Rexistro Xeral do Concello de Vigo, a primeira memoria parcial xustificativa de actuación do ano 2021. No mesmo escrito adxuntan certificados de estar ao corrente de pago cos distintos organismos públicos. Así mesmo a Fundación Vigo Convention Bureau achega petición do segundo pago da transferencia ordinaria do ano 2021. A transferencia prevé na cláusula primeira, un segundo pago de 50.000€, correspondente ao 25% do importe do convenio, que solicitan coa presentación da primeira memoria parcial.(expte.7941-104)

Con data 13.10.21 a Fundación Vigo Convention Bureau, presenta na sede electrónica do Rexistro Xeral do Concello de Vigo , a segunda memoria parcial xustificativa de actuación da transferencia ordinaria de financiamento do ano 2021. No mesmo escrito adxuntan certificados de estar ao corrente de pago cos distintos organismos públicos. Así mesmo a Fundación Vigo Convention Bureau achega petición do terceiro pago da transferencia de financiamento do ano 2021. A transferencia prevé na cláusula primeira, un terceiro pago de 50.000€, correspondente ao 25% do importe do convenio, que farase efectivo na primeira quincena de outubro, que solicitan coa presentación da segunda memoria parcial. (expte. 8015-104)

Con data 29.12.21 a Fundación Vigo Convention Bureau, presenta na sede electrónica do Rexistro Xeral do Concello de Vigo, a terceira memoria parcial xustificativa de actuación e xustificación económica da transferencia durante o ano 2021. Examinadas a xustificacións achegadas e unha vez executados os pagos de acordo co disposto na cláusula primeira por un importe total de 200.000€ a Fundación Vigo Convention Bureau presenta a xustificación económica final por un total de 187.586,38€ restando por executar o importe de 12.413,62€.

A transferencia de financiamento do Concello de Vigo á Fundación Vigo Convention Bureau durante o exercicio 2021, recolle na cláusula sexta a xustificación do convenio no seguinte senso:

“A FVCB chegará á Concellería delegada da área de Turismo do Concello de Vigo, para o seu coñecemento, información e documentación sobre as súa actividade e funcionamento, sen prexuízo de control e fiscalización das achegas de transferencia de financiamento que corresponderá á Intervención Xeral.

-DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR POLA FVCB.

a) Informes de actividades realizadas, con datos e detalles sobre os participantes e sobre o funcionamento da FVCB.

-Primeiro informe xustificativo correspondente ao primeiro pago, se lle dará entrada no Rexistro Xeral do Concello Vigo, na primeira quincena de xuño.

-Segundo informe xustificativo correspondente ao segundo pago, se lle dará entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, na primeira quincena de outubro.

-Terceiro informe xustificativo correspondente ao terceiro pago, se lle dará entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, na primeira quincena do mes de decembro.

b) Relación de ingresos e gastos clasificada por cada unha das actividades e funcionamento da FVCB, con expresión de acredores, conceptos, importes e datas de emisión, na primeira quincena de decembro.

c) Copia das convocatorias e actas do Padroado e do Comité executivo achegada con suficiente antelación.

d) Memoria de avaliación de actividades e funcionamento durante o exercicio.

A FVCB deberá facilitar toda a información que lle fora requirida pola Concellería de Turismo, pola Intervención Xeral do Concello de Vigo, o Tribunal e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das transferencia de financiamento.

A FVCB deberá comunicar ao Concello de Vigo, a través do Servizo de Turismo a tramitación e obtención doutras subvencións e axudas, ingresos ou recursos que financien a súa actividade ou funcionamento. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza”.

XUSTIFICACIÓN DO PAGAMENTO 2021:

En data 12.01.22 a Fundación Vigo Convention Bureau presenta escrito na sede electrónica do Rexistro Xeral do Concello de Vigo (Doc.Nº220006125) no que informa :

“1a.- A terceira memoria económica de 2021, presentada por rexistro o 29 de decembro de 2021, fai constar no seu resumo de execución anual a non execución do 6,21% do orzamento o que se traduce nun montante non executado de 12.413,62€.

2a.- As accións non executadas e establecidas no Plan de Actuación e orzamento 2021 aprobado no padroado do 19 de xaneiro de 2019, son aquelas relacionadas coas actividades ligadas a accións de promoción, asistencia a feiras ou realización e organización de eventos que debido ás restricións e medidas derivadas do Covid-19 non puideron realizarse.

Na seguinte táboa detállanse as partidas orzamentarias imputables a transferencia de financiamento non executadas na súa totalidade e os importes das mesmas:

PARTIDA	IMPORTE
Producción, desenvolvemento e apoio a eventos	413,62€
Asistencia a ferias e eventos	2.000,00€



Concello de Vigo

Realización de Famtrip/Presstrip	10.000,00€
TOTAL	12.413,62€

Polo que resulta:

Importe transferido á FVCB	Importe xustificado	Importe a reintegrar ou compensar
200.000€	187.586,38€	12.413,62€

En data 06.01.22 se notifica á Fundación Vigo Convention Bureau os extremos contidos no informe de inicio, para a presentación das alegacións que considere oportunas, sinalándolle que, de sé lo caso e resultarlle un saldo negativo, as opcións que lle poden corresponder son: a achega de novos xustificantes que sexan adecuados ao obxecto da transferencia do ano 2021, a posibilidade de reintegro polo exceso non xustificado ou o desconto nas aportacións municipais á transferencia do ano 2022.

En data 28.01.22 á Fundación Vigo Convención Bureau, presenta na sede electrónica do Rexistro Xeral do Concello de Vigo (Doc Nº 220020802) o seguinte escrito:

“En resposta ao contido do informe a Fundación Vigo Convention Bureau fai constar o seguinte:

1ª.- A non presentación de alegacións ao contido do informe.

2ª.- Solicita a compensación do saldo negativo da transferencia ordinaria correspondente o ano 2020, mediante o desconto na achega municipal a transferir do ano 2022.”

En consecuencia faise a seguinte,

PROPOSTA

PRIMEIRO.- Considerar como gastos xustificadas pola Fundación Vigo Convention Bureau correspondentes ao ano 2021 un total de 187.586,38€.

SEGUNDO.- Reintegrar ao Concello de Vigo a cantidade de 12.413,62€, mediante a minorización na achega municipal na transferencia ordinaria á Fundación Vigo Convention Bureau correspondente ao ano 2022.

TERCEIRO.- Notificar ao interesado

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(147).- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 3/2022 DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO. EXPTE. 14306/407.

Visto o informe-proposta de data 15/02/2022, asinado polo xerente da Xerencia Municipal de Urbanismo e pola vicepresidenta da mesma, dáse conta da proposta do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de data: 22/02/2022:

Antecedentes:

O 15/02/2022 o xerente de Urbanismo, co conforme da vicepresidenta da XMU, emite o seguinte informe:

“Vista a resolución da Vicepresidenta de Urbanismo, incoando expediente de modificación orzamentaria, de conformidade co disposto polo artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aprobou o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, emítense o seguinte informe:

1º) Os gastos que se pretende incluír no Orzamento desta Xerencia Municipal de Urbanismo non poden demorarse ata o exercicio seguinte sen prexuízo para os intereses xerais da Entidade, por ser urxentes e de necesaria realización. No informe da unidade xestora do gasto e na memoria-incoación deste expediente exprésase o carácter específico e determinado do gasto.

2º) Dado o carácter inaprazable destes gastos e, ao mesmo tempo, necesario que sexan executados en este exercicio, sen que deba ter incidencia nos sucesivos exercicios.

3º) O importe de 2.885.000,00 euros destínase as seguintes partidas:

Partida	Concepto		Créd.inicial	Alta
1510.6090000	Investimentos no corredor do Lagares	0,00 €	985.000,00 €	
1510.6000200	Expropiacións Panificadora e Praza da Igrexa	0,00 €	1.500.000,00 €	
1510.6000004	Obras de urbanizacións e investimentos urb.	0,00 €	250.000,00 €	
1510.2270608	Proxectos asociados a urbanizacións e investimentos urbanísticos		0,00 €	
<u>150.000,00 €</u>				

4º) A presente modificación supón un crédito extraordinario de 2.885.000,00 euros, polo que a competencia de aprobación correspóndelle ao Pleno, de acordo co establecido polo citado artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo) e tendo que seguir os trámites e requisitos de publicidade establecidos polo artigo 169 do citado Texto Refundido para a aprobación do Orzamento.

5º) O financiamento desta modificación realizarase mediante o remanente líquido de tesourería para gastos xerais, conforme ao artigo 177.4 do citado TRLFFLL. O remanente líquido de tesourería para gastos xerais a 31 de decembro de 2021, segundo a Liquidación dese exercicio, era de 7.211.492,17 euros (resolución do Alcalde-Presidente de 03.02.2022, anexada ó expediente 14231/407). Tense en conta tamén a suspensión polo Goberno de España da aplicación das regras fiscais e de gasto recollidas na Lei de Estabilidade Orzamentaria.

En consecuencia, propónse ao Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo que eleve á Xunta de Goberno Local a proposta de adopción polo Pleno do seguinte acordo:



Concello de Vigo

Aprobar inicialmente o crédito extraordinario por importe total de 2.885.000,00 euros (modificación nº 03/2022 do vixente Orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo), financiado mediante a aplicación do remanente líquido de tesourería para gastos xerais, conforme ao expresado neste informe-proposta.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a precedente proposta.

19(148).- SEGUNDA PRÓRROGA DO CONTRATO DA SUBMINISTRACIÓN DE COMBUSTIBLES A TRAVÉS DE ESTACIÓNS DE SERVIZO, DE GASÓLEO A E GASOLINA 95, DESTINADO Á FLOTA DE VEHÍCULOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL E AUTORIZADOS. EXPTE. 13493/445.

Visto o informe xurídico do 17/02/2022 e o informe de fiscalización do 2/02/2022, dáse conta o informe-proposta de data 17/02/2022, asinado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, Área Servizos Xerais, polo xefe da oficina Administrativa e Control Orzamentario, polo concelleiro-delegado de Fomento e Servizos e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 14/02/2019, na súa calidade de órgano de contratación, acordou adxudicar a RED ESPAÑOLA DE SERVICIOS, S.A.U. (C.I.F. A25009192) o contrato do subministro de combustibles para a flota de vehículos e maquinaria municipais xestionados polo servizo do Parque Móbil municipal (13493/445) por procedemento aberto e por un prezo total de OITOCENTOS VINTE E CATRO MIL SEISCENTOS VINTE EUROS (824.620,00€) sendo a cota correspondente ao IVE de 143.115,87 €, cunha porcentaxe de desconto por litro de gasóleos e gasolina do 9,75%; Incrementando o horario mínimo establecido no prego de prescricións técnicas particulares a 24 horas; e, comprometéndose a poñer en disposición do contrato cando menos tres estacións de servizo localizadas no termo municipal de Vigo, e unha delas cun mínimo de 3 km a contar desde o parque central de servizos do Concello.

Segundo.- O contrato formalizouse en documento administrativo en data 21/03/2019 e na súa Cláusula Cuarta figura o prazo do contrato, o cal é de dous anos sendo a data de inicio do mesmo o 22/03/2019.

Terceiro.- En data 18/03/2021 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a prórroga dun ano de duración do vixente contrato do subministro de combustibles para a flota de vehículos e maquinaria municipais xestionados polo servizo do Parque Móbil municipal (13493-445), formalizado coa entidade mercantil RED ESPAÑOLA DE SERVICIOS, S.A.U. polo período comprendido dende o 22/03/2021 ata o 21/03/2022.

Asemade, acordou a autorización do gasto estimado do contrato do subministro de combustibles para a flota de vehículos e maquinaria municipais xestionados polo servizo do Parque Móbil municipal (13493-445) a favor da entidade mercantil RED ESPAÑOLA DE

SERVICIOS, S.A.U. (C.I.F. A25009192) por importe de CATROCENTOS DOCE MIL TRESCENTOS DEZ EUROS (412.310,00 €) máis IVE, sendo a cota correspondente ao IVE de SETENTA E UN MIL CINCOCENTOS CINCUENTA E SETE EUROS E NOVENTA E TRES CÉNTIMOS (71.557,93 €); imputando o devandito gasto á aplicación orzamentaria 9202.221.03.00 “Combustible e carburantes”, segundo a seguinte distribución anual:

- Ano 2021: período comprendido entre o 22/03/2021 e o 31/12/2021: 340.000,00 €.
- Ano 2022: período comprendido entre o 01/01/2022 e o 21/03/2022: 72.310,00 €.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 29.2 da Lei 9/2017, 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro (LCSP), establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da lei. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, salvo que no prego que rexa o contrato se estableza un maior. Quedan exceptuados da obriga de aviso previo os contratos cuxa duración fose inferior a dous meses.

Segundo.- O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local establece expresamente na Cláusula 7.3 que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da FEC, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.

O referido apartado 4 das FEC establece un prazo de execución do contrato de dous anos coa previsión no seu apartado C) de dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

Terceiro.- Considérase conveniente polos técnicos que a subscriben a proposición da segunda prórroga do contrato do subministro de combustibles para a flota de vehículos e maquinaria municipais xestionados polo servizo do Parque Móbil municipal por un período dun ano toda vez que o funcionamento do subministro durante este prazo de execución foi satisfactorio cumpríndose correctamente as condicións marcadas á adxudicataria.

Cuarto.- Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2ª apartado 4 da LCSP a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

Quinto.- O período da prórroga do contrato comprenderá dende o 22/03/2022 ao 21/03/2023, sendo que o prezo anual ascende a un total de **CATROCENTOS DOCE MIL TRESCENTOS DEZ EUROS (412.310,00 €)** máis IVE, sendo a cota correspondente ao IVE de SETENTA E UN MIL CINCOCENTOS CINCUENTA E SETE EUROS E NOVENTA E TRES CÉNTIMOS (71.557,93 €).



Concello de Vigo

Sexto.- O importe da prórroga imputarase á aplicación orzamentaria 9202.221.03.00 “Combustible e carburantes”, segundo a seguinte distribución anual:

- **Ano 2022:** período comprendido entre o 22/03/2022 e o 31/12/2022: **340.000,00 €.**
- **Ano 2023:** período comprendido entre o 01/01/2023 e o 21/03/2023: **72.310,00 €.**

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención xeral **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Aprobar a prórroga dun ano de duración do vixente contrato do subministro de combustibles para a flota de vehículos e maquinaria municipais xestionados polo servizo do Parque Móbil municipal (13493/445), formalizado coa entidade mercantil RED ESPAÑOLA DE SERVICIOS, S.A.U. polo período comprendido desde o 22/03/2022 ata o 21/03/2023.

Segundo.- Autorizar o gasto estimado do contrato do subministro de combustibles para a flota de vehículos e maquinaria municipais xestionados polo servizo do Parque Móbil municipal (13493/445) a favor da entidade mercantil RED ESPAÑOLA DE SERVICIOS, S.A.U. (C.I.F. A25009192) por importe de CATROCENTOS DOCE MIL TRESCENTOS DEZ EUROS (412.310,00 €) máis IVE, sendo a cota correspondente ao IVE de SETENTA E UN MIL CINCOCENTOS CINCUENTA E SETE EUROS E NOVENTA E TRES CÉNTIMOS (71.557,93 €); imputando o devandito gasto á aplicación orzamentaria 9202.221.03.00 “Combustible e carburantes”, segundo a seguinte distribución anual:

- **Ano 2022:** período comprendido entre o 22/03/2022 e o 31/12/2022: **340.000,00 €.**
- **Ano 2023:** período comprendido entre o 01/01/2023 e o 21/03/2023: **72.310,00 €.**

Terceiro.- Notificar á empresa adxudicataria RED ESPAÑOLA DE SERVICIOS, S.A.U. indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Cuarto.- Remitir ao Consello de Contas a prórroga do contrato, en cumprimento do artigo 335.2 da LCSP.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

.- Proposta de acordo para a aprobación da transferencia de financiamento do Concello de Vigo á Fundación de Vigo Convención Bureau para o seu funcionamento durante o exercicio de 2022. Expte. 8084/104.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fóra da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

20(149).- PROPOSTA DE ACORDO PARA A APROBACIÓN DA TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO DO CONCELLO DE VIGO Á FUNDACIÓN DE VIGO CONVENCIÓN BUREAU PARA O SEU FUNCIONAMENTO DURANTE O EXERCICIO DE 2022. EXPTE. 8084/104.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 02/03/2022, dáse conta do informe-proposta de data 02/03/2022, asinado pola técnica actividades turísticas, pola concelleira-delegada de Turismo e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

Con data 3 de xaneiro de 2022 a Fundación Vigo Convention Bureau, (en adiante FVCB), solicita a través do Rexistro Xeral o primeiro pago da transferencia de financiamento para o ano 2022. Así mesmo, achega o Plan de actuación e orzamento 2022 e a certificación de non débedas co Concello de Vigo, certificación de non débedas coa Seguridade Social, coa Axencia Tributaria e con Facenda, así como a certificación da conta bancaria, completando a documentación necesaria para a tramitación da transferencia ordinaria á FVCB.

LEXISLACION APLICABLE



Concello de Vigo

- Lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público (LRXSP)
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS)
- RD 887/2016, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (LXS)
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Presupostaria
- RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais,
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locales (ROF)
- Bases de execución do presuposto Xeral da Corporación

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO.- FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU (FVCB)

A FVCB é unha organización, constituída polo Concello de Vigo, ABANCA, Universidade de Vigo, Cámara de Comercio de Vigo, Confederación de Empresarios de Pontevedra e IFEVI, de natureza fundacional, de interese xeral galego, constituída sen ánimo de lucro, ao amparo da Lei 12/2006 de 1 de decembro, fundacións de interese galego e do Decreto 14/2009 de 21 de xaneiro que aproba o regulamento de fundacións de interese galego.

A FVCB ten como fin o desenvolvemento da economía produtiva e o fomento da economía social de Galicia mediante a potenciación das infraestruturas turísticas e servizos específicos no campo do subsector do turismo de reunión, captación de congresos, convencións e viaxes de incentivo para a cidade de Vigo.

Tal e como se recolle no artigo 30 dos seus estatutos, os recursos económicos da FVCB se compoñen dos seguintes elementos :

-Dotación inicial.

-As achegas económicas dos patróns fundadores, das entidades colaboradoras e ingresos doutra índole. A contía anual das achegas decidírase por parte do Padroado.

-Os ingresos procedentes da facturación dos seus servizos e actividades, sempre e cando se obteña, se fose precisa, a preceptiva autorización do Protectorado e concorran as demais condicións previstas na Lei 12/2006, de Fundacións de interese galego e disposicións regulamentarias.

-Os derivados de contratos, concertos e convenios con persoas físicas ou xurídicas ou entidades públicas ou privadas de calquera tipo.

-Os rendementos do seu patrimonio.

-Subvencións, axudas, bens ou legados, así como os derivados de patrocinios.

-Os créditos e préstamos que lle sexan concedidos.

A FVCB, centra as súas actuacións nas seguintes liñas de traballo tal e como consta no seu plan de traballo e orzamento vixentes:

- Presentación e representación de Vigo, como destino congresual.
- Coordinación coas entidades de turismo públicas e privadas para a captación de eventos congresuais.
- Desenvolver e comercializar produtos de merchandising dirixidos aos turistas de negocios e turismo en xeral.
- Desenvolvemento de iniciativas coa promoción do aeroporto de Vigo e da cidade como destino.
- Promoción en feiras nacionais e internacionais.
- Promoción da cidade como destino MICE.

A finalidade da fundación está ligada as competencias municipais en materia de información e promoción da actividade turística de interese artigo 25.2.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, (modificación introducida pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local), e artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, e concretamente en relación a este ámbito competencial a Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia, no seu art.5 dispón que corresponde aos Concellos, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, a promoción e protección dos recursos turísticos de seu término municipal.

O Concello de Vigo e a FVCB veñen realizando labores conxuntas de promoción e difusión da cidade dende o ano 2009.

A FVCB é un colaborador habitual do Concello de Vigo nas labores de difusión e promoción, estando presente nas principais actuacións de promoción da cidade de Vigo, workshops, mesas de turismo, principais feiras de turismo, etc, desenvolven todas esas actuacións que se atopan no marco das súas competencia

SEGUNDO.- DA TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO

A FVCB solicita primeiro pagamento do da transferencia de financiamento do Concello de Vigo á Fundación Vigo Convention Bureau correspondente ao ano 2022.

No orzamento municipal consta consignación presupostaria por importe de 200.000€ en concepto de transferencia de financiación.

O artigo 2.2 da Lei Xeral de Subvencións establece que non están comprendidas no seu ámbito de aplicación as achegas dinerarias entre diferentes Administracións Públicas e entre distintos axentes dunha Administración, cuxos orzamentos se integren nos Orzamentos Xerais da Administración á que pertencen, tanto se se destinan a financiar globalmente a súa actividade como á realización de actuacións concretas a desenvolver no marco das funcións que teña atribuídas, sempre que non resulten dunha convocatoria pública e o artigo 38 do Regulamento da lei de subvencións de Galicia dispón que *<<.. no tienen la consideración de subvenciones las aportaciones dinerarias nominativas a favor de los organismos y de las entidades vinculadas o dependientes de la Administración de la comunidad autónoma destinadas a financiar global o parcialmente su actividad con carácter indiferenciada>>*



Concello de Vigo

A achega que realiza o Concello de Vigo á FVCB é unha transferencia de financiamento non suxeita a Lei Xeral de Subvencións,

Aos efectos de proceder o pagamentos das achegas a FVCB achega a solicitude do primeiro pago correspondente a anualidade 2022 (Nº de documento 220000207) xunto coa seguinte documentación

- Certificación da AEAT, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias.
- Certificación da Consellería de Facenda de estar ao corrente nos pagamentos á Administración Pública da Comunidade Autónoma.
- Certificación da Tesourería Xeral da Seguridade Social de non ter débedas coa Seguridade Social.
- Número de conta bancaria
- Plan de actuación e orzamento 2022.

Así mesmo consta no expediente certificado de non débedas co Concello

Revisado o Plan de actuación que contén as actuacións que desenvolveranse no ano 2022 no marco das actividades fundacionais recollidas no artigo 5 dos Estatutos da FVCB e que cumpren cos fin fundacionais dispostos no artigo 4 dos mesmos estatutos.

Dito Plan de actuación de acordo co disposto no artigo 15.2.d. dos Estatutos aprobouse na reunión do Padroado que tivo lugar o 27 de decembro de 2021.

O Decreto de delegación da Alcaldía do 18 e 26 de xuño de 2019 e do acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019, e Resolución de alcaldía, de modificación delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área, de data 17 de agosto de 2020, establece na Concelleira Delegada da Área de Turismo e Xuventude , entre outras, en materia de turismo MICE municipal, punto 2. XII apartado b.5, a seguinte facultade: Dirección da FVCB. Vicepresidencia do padroado, e co obxecto de xestionar como mellor procede esta colaboración, complementaria do financiamento municipal, da representación municipal no Padroado, considérase necesario establecer as seguintes normas e compromisos coa FVCB.

As bases de execución do presuposto do exercicio 2022 non establecen ningunha normativa á que deberá suxeitarse as transferencias de financiamento, polo que o Servizo de Turismo só pode establecer a periodicidade dos pagamentos da transferencia de financiamento que é solicitado pola FVCB, xa que a capacidade fiscalizadora do financiamento, previa e posterior, corresponde á Intervención Xeral.

TERCEIRO.- REINTEGRO E COMPENSACIÓN.-

No orzamento consta consignación presupostaria por importe de 200.000 euros en concepto de transferencia de financiación. Non obstante cómpre sinalar que segundo a terceira memoria de actuación e xustificación económica da transferencia de financiación do ano 2021 considérase que o importe xustificadas pola FVCB ascende a un importe total de 187.586,38€ debendo reintegrar ao Concello a cantidade de 12.413,62€ (expte 8089-104). Neste senso consta que a FVCB en data 28.01.21 presenta escrito na sede electrónica do

Rexistro Xeral do Concello de Vigo no que, entre outros solicita a compensación do saldo negativo da transferencia ordinaria correspondente ao ano 2021 mediante desconto na achega municipal a transferir do ano 2022 polo que procede a minoración da cantidade de 12.413,62€, mediante a minorización na achega municipal na transferencia ordinaria á Fundación Vigo Convention Bureau correspondente ao ano 2022

Por todo o exposto e coas conformidades da Concelleira delegada da área de Turismo e tras informe xurídico e da Intervención, faise a seguinte proposta,

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

PRIMEIRO.- Transferir á FVCB, NIF:G-27.722.883 un importe de 200.000€ (dous centos mil), mediante transferencias bancarias nos termos que seguen:

a) Primeiro pago de 100.000€ ingresado tralo acordo da Xunta de Goberno Local. Do primeiro pago deducirase o importe de 12.413,62€ correspondente a cantidade non xustificada na transferencia de financiamento realizada no 2021.

b) Segundo pago de 50.000€, ingresado na segunda quincena de xuño do 2022

c) Terceiro pago de 50.000€, ingresado na segunda quincena de outubro do 2022.

2.-A transferencia do financiamento realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 4320.4890000 "Aportación Ordinaria á Fundación Vigo Convention Bureau" do programa orzamentario da Concellería de Turismo para o vixente exercicio económico, á conta 2080 5000 68 3040324245

3.-A fiscalización da transferencia de financiamento realizarase pola Intervención Xeral, directamente cos seus servizos propios ou a través de técnicas de auditoría que puideran contratar.

SEGUNDO.- Co obxecto de xestionar a colaboración do Concello de Vigo coa FVCB, complementaria do financiamento municipal, da representación municipal no Padroado e da cesión do uso do edificio, establécense as seguintes normas e compromisos coa FVCB:

PRIMEIRA.-

Os Estatutos da FVCB aprobados en febreiro de 2010 recollen no seu art.14; "O Padroado é máximo órgano de goberno, representación e administración da FVCB", entre as súas funcións destaca segundo o art.15, "Aprobar a recepción de subvencións, doazóns e achegas realizadas por entidades públicas ou privadas".

De acordo co art. 18, O Padroado contará con un Presidente e un Vicepresidente. A presidencia da Fundación será exercida polo Alcalde do Concello de Vigo. A vicepresidencia da Fundación será exercida polo concelleiro delegado de Turismo.

SEGUNDA.- OBRIGAS DA FVCB

1.- Desenvolver o Plan de actuación presentado en data 3 de xaneiro de 2022, asumindo a totalidade dos gastos que xere. O Concello de Vigo non asumirá outros gastos diferentes á



Concello de Vigo

presente transferencia de financiamento que aprobe a Xunta de Goberno Local para este exercicio presupostario.

2.- Responsabilizarse da totalidade das actividades organizadas.

3.- Incorporar en lugar preferente o logotipo do Concello de Vigo e de Turismo de Vigo e mencionar en toda actuación pública o financiamento recibido do Concello de Vigo.

4.- Colaborar co Concello de Vigo–Servizo de Turismo de Vigo, en cantas actuacións turísticas realice.

5.- Comunicar ao Concello de Vigo-Servizo de Turismo de Vigo, coa antelación debida os cambios que se puideran producir na programación e funcionamento da FVCB.

TERCERA.- OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO.

1.- Realizar o seguimento das actividades da FVCB.

2.- Tramitar o pagamento do importe das transferencias de financiamento, de acordo co calendario aprobado pola Xunta de Goberno Local.

CUARTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA COLABORACIÓN.

A unidade municipal xestora da colaboración coa FVCB é a Concellería de Turismo, que ten coma encomenda a comprobación da realización das actividades, servizos e funcionamento previstos para 2022.

QUINTA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA.

A FVCB adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento por parte do Concello de Vigo do seu funcionamento xeral, incorporando esta publicidade, de forma particular, no propio centro, nas publicacións, na páxina web, nas presentacións e difusión das súas actividades, e na visualización do logo do Concello de Vigo co da FVCB que empregárase en todos as publicacións, medios e soportes.

As publicacións da FVCB en calquera medio deben de ser previamente conformada pola Concelleira Delega da Área de Turismo do Concello de Vigo e posicionarase en liña coa marca municipal.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas ao Concello de Vigo, na difusión deberá acordarse coa Concelleira delegada da área de Turismo a prelación e características para cada caso.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberán estar previamente acordada coa Concelleira Delegada da Área de Turismo.

SEXTA.- INFORMACIÓN SOBRE ACTIVIDADE E FUNCIONAMIENTO DA FVCB.

A FVCB achegará á Concellería delegada da área de Turismo do Concello de Vigo, para o seu coñecemento, información e documentación sobre as súa actividade e funcionamento,

sen prexuízo de control e fiscalización das achegas de transferencia de financiamento que corresponderá á Intervención Xeral.

-DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR POLA FVCB.

a) Informes de actividades realizadas, con datos e detalles sobre os participantes e sobre o funcionamento da FVCB.

-Primeiro informe xustificativo correspondente ao primeiro pago, se lle dará entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, na primeira quincena de xuño.

-Segundo informe xustificativo correspondente ao segundo pago, se lle dará entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, na primeira quincena de outubro.

-Terceiro informe xustificativo correspondente ao terceiro pago, se lle dará entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, na primeira quincena do mes de decembro.

b) Relación de ingresos e gastos clasificada por cada unha das actividades e funcionamento da FVCB, con expresión de acredores, conceptos, importes e datas de emisión, na primeira quincena de decembro.

c) Copia das convocatorias e actas do Padroado e do Comité executivo achegada con suficiente antelación.

d) Memoria de avaliación de actividades e funcionamento durante o exercicio.

A FVCB deberá facilitar toda a información que lle fora requirida pola Concellería de Turismo, pola Intervención Xeral do Concello de Vigo, o Tribunal e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das transferencia de financiamento.

A FVCB deberá comunicar ao Concello de Vigo, a través do Servizo de Turismo a tramitación e obtención doutras subvencións e axudas, ingresos ou recursos que financien a súa actividade ou funcionamento. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza.

TERCEIRO.- Publicar o presente acordo no perfil de transparencia.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(150).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo intervencións neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.



Concello de Vigo

RS.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez